

DOCUMENTO DE TRABALLO  
ESTATUTOS DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA  
ADAPTACIÓN Á LEI ORGÁNICA 2/2023, DE 22 DE MARZO, DO SISTEMA  
UNIVERSITARIO (LOSU)

DOCUMENTO DE TRABALLO

INDICE

DOCUMENTO DE TRABAJO

<b>TITULO PRELIMINAR.....</b>	<b>10</b>
<i>Artigo 1 Natureza xurídica.....</i>	<i>10</i>
<i>Artigo 2 Valores e principios inspiradores.....</i>	<i>10</i>
<i>Artigo 3 Funcións.....</i>	<i>11</i>
<i>Artigo 4 Compromiso social e cultural.....</i>	<i>12</i>
<i>Artigo 5 Autonomía universitaria.....</i>	<i>12</i>
<i>Artigo 6 Potestades administrativas.....</i>	<i>13</i>
<i>Artigo 7 A comunidade universitaria.....</i>	<i>14</i>
<i>Artigo 8 Ámbito territorial.....</i>	<i>14</i>
<i>Artigo 9 Lingua.....</i>	<i>14</i>
<i>Artigo 10 Símbolos.....</i>	<i>15</i>
<b>TÍTULO I DA COMUNIDADE UNIVERSITARIA .....</b>	<b>15</b>
<b>CAPÍTULO I DISPOSICIÓN XERAIS .....</b>	<b>15</b>
<i>Artigo 11 Dereitos dos membros da comunidade universitaria.....</i>	<i>15</i>
<i>Artigo 12 Deberes dos membros da comunidade universitaria.....</i>	<i>16</i>
<b>CAPÍTULO II DO ESTUDANTADO .....</b>	<b>17</b>
Sección 1ª. Disposicións xerais .....	17
<i>Artigo 13 Estudantes da USC.....</i>	<i>17</i>
<i>Artigo 14 Dereitos.....</i>	<i>17</i>
<i>Artigo 15 Deberes.....</i>	<i>19</i>
<i>Artigo 16 Estatuto do estudantado.....</i>	<i>19</i>
<i>Artigo 17 Réxime disciplinario.....</i>	<i>19</i>
<i>Artigo 18 Antigos e antigas estudantes.....</i>	<i>20</i>
Sección 2ª. Do Consello do Estudantado.....	20
<i>Artigo 19 Natureza.....</i>	<i>20</i>
<i>Artigo 20 Composición.....</i>	<i>20</i>
<i>Artigo 21 Competencias.....</i>	<i>20</i>
<i>Artigo 22 Procedemento de elección dos seus membros.....</i>	<i>20</i>
<b>CAPÍTULO III DO PERSOAL DOCENTE E INVESTIGADOR .....</b>	<b>21</b>
Sección 1ª. Disposicións xerais .....	21
<i>Artigo 23 Categorias.....</i>	<i>21</i>
<i>Artigo 24 Antigüidade.....</i>	<i>21</i>
<i>Artigo 25 Instrumentos de ordenación dos postos de traballo.....</i>	<i>21</i>
<i>Artigo 26 Sistemas de selección.....</i>	<i>22</i>
<i>Artigo 27 Comisións de selección.....</i>	<i>22</i>
<i>Artigo 28 Asignación de tarefas docentes.....</i>	<i>22</i>
<i>Artigo 29 Permisos e licencias.....</i>	<i>22</i>
<i>Artigo 30 Plans de formación.....</i>	<i>23</i>
<i>Artigo 31 Mobilidade.....</i>	<i>23</i>

Artigo 32	<i>Regulamento do persoal docente e investigador</i> .....	23
	Sección 2ª. Do profesorado dos corpos docentes universitarios .....	23
Artigo 33	<i>Réxime de dedicación</i> .....	23
Artigo 34	<i>Comisión de reclamacións</i> .....	24
	Sección 3ª. Do persoal docente e investigador laboral .....	24
Artigo 35	<i>Categorías</i> .....	24
Artigo 36	<i>Réxime de dedicación</i> .....	25
Artigo 37	<i>Comisión de revisión</i> .....	25
	Sección 4ª. Persoal investigador .....	25
Artigo 38	<i>Categorías</i> .....	25
<b>CAPÍTULO IV DO PERSOAL TÉCNICO, DE XESTIÓN E DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS</b> .....		26
Artigo 39	<i>Tipoloxía</i> .....	26
Artigo 40	<i>Persoal contratado para a xestión científico-técnica</i> .....	26
Artigo 41	<i>Escalas e categorías</i> .....	26
Artigo 42	<i>Instrumentos de ordenación dos postos de traballo</i> .....	27
Artigo 43	<i>Sistemas de selección</i> .....	27
Artigo 44	<i>Provisión de postos</i> .....	27
Artigo 45	<i>Comisións de selección</i> .....	27
Artigo 46	<i>Promoción</i> .....	27
Artigo 47	<i>Plan de formación</i> .....	27
Artigo 48	<i>Mobilidade</i> .....	28
<b>CAPÍTULO V DO PERSOAL DIRECTIVO</b> .....		28
Artigo 49	<i>Definición</i> .....	28
Artigo 50	<i>Designación</i> .....	28
Artigo 51	<i>Avaliación</i> .....	28
Artigo 52	<i>Condicións de emprego</i> .....	28
Artigo 53	<i>Ordenación dos postos de traballo</i> .....	28
<b>CAPÍTULO VI</b> .....		28
<b>DO VALEDOR DA COMUNIDADE UNIVERSITARIA</b> .....		28
Artigo 54	<i>Natureza</i> .....	28
Artigo 55	<i>Funcións</i> .....	29
Artigo 56	<i>Duración do mandato</i> .....	29
Artigo 57	<i>Procedemento de elección e cesamento</i> .....	29
Artigo 58	<i>Medios</i> .....	29
<b>TÍTULO II DA ESTRUTURA DA USC</b> .....		<b>30</b>
<b>CAPÍTULO I DA ADMINISTRACIÓN XERAL</b> .....		30
	Sección 1ª. Disposicións xerais .....	30
Artigo 59	<i>Unidades administrativas</i> .....	30
Artigo 60	<i>Unidades administrativas básicas</i> .....	30

<i>Artigo 61</i>	<i>Órganos administrativos</i> .....	30
	Sección 2ª. Da unidade de igualdade e diversidade .....	31
<i>Artigo 62</i>	<i>Natureza</i> .....	31
<i>Artigo 63</i>	<i>Funcións</i> .....	31
	Sección 3ª. Da unidade de saúde e acompañamento psicolóxico.....	31
<i>Artigo 64</i>	<i>Natureza</i> .....	31
<i>Artigo 65</i>	<i>Funcións</i> .....	31
	Sección 4ª. Da unidade de acompañamento pedagóxico e orientación profesional.....	32
<i>Artigo 66</i>	<i>Natureza</i> .....	32
<i>Artigo 67</i>	<i>Funcións</i> .....	32
<b>CAPÍTULO II DA ADMINISTRACIÓN PROPIA DAS ESTRUTURAS DE DOCENCIA, INVESTIGACIÓN E TRANSFERENCIA DA USC</b> .....		
	Sección 1ª. Disposicións xerais .....	32
<i>Artigo 68</i>	<i>Estrutura organizativa</i> .....	32
	Sección 2ª. Das áreas de coñecemento.....	32
<i>Artigo 69</i>	<i>Natureza</i> .....	32
<i>Artigo 70</i>	<i>Funcións</i> .....	33
<i>Artigo 71</i>	<i>Creación e supresión</i> .....	33
<i>Artigo 72</i>	<i>Coordinación</i> .....	33
<i>Artigo 73</i>	<i>Funcionamento das áreas</i> .....	33
	Sección 3ª. Das facultades e escolas .....	34
<i>Artigo 74</i>	<i>Natureza</i> .....	34
<i>Artigo 75</i>	<i>Funcións</i> .....	34
<i>Artigo 76</i>	<i>Creación, modificación e supresión</i> .....	34
	Sección 4ª. Da Escola de Doutoramento .....	35
<i>Artigo 77</i>	<i>Natureza</i> .....	35
<i>Artigo 78</i>	<i>Modificación e supresión</i> .....	35
	Sección 5ª. Dos centros de investigación.....	35
<i>Artigo 79</i>	<i>Natureza</i> .....	35
<i>Artigo 80</i>	<i>Tipoloxía</i> .....	35
<i>Artigo 81</i>	<i>Creación, modificación e supresión</i> .....	36
	Sección 6ª. Doutras estruturas universitarias de docencia, investigación ou transferencia .....	36
	Subsección 1º. Das escolas de especialización profesional .....	36
<i>Artigo 82</i>	<i>Natureza e funcións</i> .....	36
<i>Artigo 83</i>	<i>Tipoloxía</i> .....	36
<i>Artigo 84</i>	<i>Creación, modificación e supresión</i> .....	37
	Subsección 2º. Doutras estruturas especializadas .....	37
<i>Artigo 85</i>	<i>Outras estruturas especializadas</i> .....	37
	Sección 7ª. Dos hospitais universitarios e hospitais e centros asociados .....	37

Artigo 86	<i>Natureza e funcións</i> .....	37
Artigo 87	<i>Creación, modificación e supresión</i> .....	38
Artigo 88	<i>Hospital Veterinario Universitario</i> .....	38
	Sección 8ª. Dos centros adscritos ou vinculados.....	39
Artigo 89	<i>Centros docentes adscritos ou vinculados</i> .....	39
CAPÍTULO III DO SECTOR PÚBLICO INSTITUCIONAL DA USC .....		40
Artigo 90	<i>Tipoloxía de entes e réxime xurídico</i> .....	40
Artigo 91	<i>Control de eficacia e supervisión</i> .....	40
Artigo 92	<i>Inventario</i> .....	40
<b>TÍTULO III DOS ÓRGANOS DE GOBERNO, REPRESENTACIÓN E PARTICIPACIÓN SOCIAL</b> .....		<b>41</b>
CAPÍTULO I DISPOSICIÓNS XERAIS .....		41
Artigo 93	<i>Órganos de goberno, participación social e representación</i> .....	41
Artigo 94	<i>Requisitos xerais dos titulares dos órganos unipersoais e dos membros dos órganos colexiados electivos</i> .....	41
Artigo 95	<i>Réxime xurídico dos órganos colexiados</i> .....	42
Artigo 96	<i>Elección</i> .....	42
Artigo 97	<i>Duración do mandato e cese</i> .....	42
Artigo 98	<i>Incompatibilidades</i> .....	43
Artigo 99	<i>Altos cargos</i> .....	43
Artigo 100	<i>Réxime de recursos</i> .....	43
CAPÍTULO II DOS ÓRGANOS DE GOBERNO XERAIS COLEXIADOS.....		44
	Sección 1ª. Do Consello Social.....	44
Artigo 101	<i>Natureza</i> .....	44
	Sección 2ª. Do Claustro Universitario .....	44
Artigo 102	<i>Natureza</i> .....	44
Artigo 103	<i>Composición</i> .....	44
Artigo 104	<i>Competencias</i> .....	45
Artigo 105	<i>Procedemento de elección dos seus membros</i> .....	46
	Sección 3ª. Do Consello de Goberno.....	46
Artigo 106	<i>Natureza</i> .....	46
Artigo 107	<i>Composición</i> .....	46
Artigo 108	<i>Competencias</i> .....	47
Artigo 109	<i>Procedemento de elección dos seus membros</i> .....	48
CAPÍTULO III DOS ÓRGANOS DE GOBERNO XERAIS UNIPERSOAIS.....		48
	Sección 1ª. Do Reitor ou Reitora .....	48
Artigo 110	<i>Natureza</i> .....	48
Artigo 111	<i>Competencias</i> .....	49
Artigo 112	<i>Elección</i> .....	50

Artigo 113	Cese .....	50
Artigo 114	Duración do mandato .....	50
Artigo 115	Substitución.....	50
Artigo 116	Equipo de Goberno.....	50
Artigo 117	Gabinete do Reitor ou da Reitora.....	51
Artigo 118	Delegados ou delegadas do Reitor ou Reitora .....	51
	Sección 2ª. Dos vicerreitores ou vicerreitoras .....	52
Artigo 119	Nomeamento e cese.....	52
Artigo 120	Competencias.....	52
Artigo 121	Persoal asesor.....	52
	Sección 3ª. Do Secretario ou Secretaria Xeral.....	52
Artigo 122	Nomeamento e cese.....	52
Artigo 123	Competencias.....	52
	Sección 4ª. O Xerente ou a Xerente .....	53
Artigo 124	Nomeamento e cese.....	53
Artigo 125	Competencias.....	53
CAPÍTULO IV DO ÓRGANOS DE GOBERNO DAS FACULTADES E ESCOLAS .....		54
	Sección 1ª. Do consello de facultade e do consello de escola.....	54
Artigo 126	Natureza .....	54
Artigo 127	Composición .....	54
Artigo 128	Competencias.....	54
Artigo 129	Procedemento de elección dos seus membros .....	55
	Sección 2ª. Dos órganos de goberno unipersoais .....	56
	Subsección 1ª. Do decano ou decana e do director ou directora.....	56
Artigo 130	Competencias.....	56
Artigo 131	Elección .....	56
Artigo 132	Substitución.....	56
Artigo 133	Cese .....	57
	Subsección 2ª. Dos vicedecanos ou vicedecanas e dos subdirectores ou subdirectoras .....	57
Artigo 134	Nomeamento.....	57
Artigo 135	Competencias.....	57
Artigo 136	Cese .....	57
	Subsección 3ª. Do secretario ou secretaria .....	57
Artigo 137	Nomeamento.....	57
Artigo 138	Competencias.....	57
Artigo 139	Cese .....	58
CAPÍTULO V .....		58
DOS ÓRGANOS DE GOBERNO DOS CENTROS DE INVESTIGACIÓN.....		58

Sección 1ª. Dos órganos de goberno colexiados.....	58
Subsección 1ª. Da comisión reitora.....	58
Artigo 140 <i>Composición</i> .....	58
Artigo 141 <i>Competencias</i> .....	58
Subsección 2ª. Da comisión científica .....	59
Artigo 142 <i>Composición</i> .....	59
Artigo 143 <i>Funcións</i> .....	59
Sección 2ª. Do director ou directora.....	59
Artigo 144 <i>Nomeamento</i> .....	59
Artigo 145 <i>Funcións</i> .....	59
Artigo 146 <i>Director ou directora adxunta</i> .....	60
<b>CAPÍTULO VI DOS ÓRGANOS DE GOBERNO DA ESCOLA DE DOUTORAMENTO.....</b>	<b>60</b>
Sección 1ª. Do Consello de Dirección.....	60
Artigo 147 <i>Natureza</i> .....	60
Artigo 148 <i>Composición</i> .....	60
Artigo 149 <i>Competencias</i> .....	61
Sección 2ª. Dos órganos de goberno unipersoais .....	62
Subsección 1ª. Do Director ou Directora.....	62
Artigo 150 <i>Competencias</i> .....	62
Artigo 151 <i>Elección</i> .....	62
Artigo 152 <i>Substitución</i> .....	63
Artigo 153 <i>Cese</i> .....	63
Subsección 2ª. Do Secretario ou Secretaria.....	63
Artigo 154 <i>Nomeamento</i> .....	63
Artigo 155 <i>Competencias</i> .....	63
Artigo 156 <i>Cese</i> .....	63
<b>TÍTULO IV DA ACTIVIDADE UNIVERSITARIA.....</b>	<b>64</b>
<b>CAPÍTULO I DA INTERNACIONALIZACIÓN DA ACTIVIDADE UNIVERSITARIA.....</b>	<b>64</b>
Artigo 157 <i>Internacionalización do ensino</i> .....	64
Artigo 158 <i>Internacionalización da investigación</i> .....	64
Artigo 159 <i>Internacionalización da transferencia de coñecemento</i> .....	64
<b>CAPÍTULO II DO RÉXIME DOS ESTUDOS.....</b>	<b>64</b>
Artigo 160 <i>Admisión e permanencia</i> .....	64
Artigo 161 <i>Límite de prazas das titulacións</i> .....	64
Artigo 162 <i>Matrícula</i> .....	65
Artigo 163 <i>Ordenación do proceso ensinanza-aprendizaxe</i> .....	65
Artigo 164 <i>Normativa de rendemento académico e revisión de cualificacións</i> . 65	
Artigo 165 <i>Normativa de adaptación e validacións de estudos</i> .....	65
<b>CAPÍTULO III DA ORGANIZACIÓN DA DOCENCIA.....</b>	<b>65</b>



Artigo 166	Actividade docente.....	65
Artigo 167	Organización da docencia .....	65
Artigo 168	Estudos propios.....	66
Artigo 169	Implantación e adscrición de titulacións.....	66
Artigo 170	Organización de estudos .....	66
Artigo 171	Aprobación dos plans de estudo .....	67
Artigo 172	Formación académica e deporte .....	67
CAPÍTULO IV DA INVESTIGACIÓN .....		67
Artigo 173	Actividade investigadora .....	67
Artigo 174	Ciencia aberta e ciencia cidadá.....	67
Artigo 175	Organización da investigación .....	68
CAPÍTULO V DA TRANSFERENCIA .....		68
Artigo 176	Actividade de transferencia .....	68
Artigo 177	Actividade de divulgación .....	68
Artigo 178	Colaboración con outras entidades ou persoas físicas .....	69
Artigo 179	Entidades ou empresas baseadas no coñecemento .....	69
CAPÍTULO VI DA PRESTACIÓN DE SERVIZOS Á COMUNIDADE UNIVERSITARIA.....		70
Artigo 180	Servizos universitarios.....	70
Artigo 181	Réxime xurídico.....	70
Artigo 182	Calidade.....	71
CAPÍTULO VII DA GARANTÍA DA CALIDADE .....		71
Sección 1ª. Dos sistemas de garantía da calidade.....		71
Artigo 183	Ámbitos.....	71
Artigo 184	Principios reitores.....	71
Artigo 185	Xestión dos sistemas de garantía da calidade.....	72
Sección 2ª. Da Inspección de Servizos .....		72
Artigo 186	Natureza .....	72
Artigo 187	Principios de actuación .....	72
Artigo 188	Plan de Inspección.....	72
Artigo 189	O Inspector ou Inspectora de Servizos.....	72
<b>TÍTULO V DO RÉXIME ECONÓMICO-FINANCEIRO .....</b>		<b>73</b>
CAPÍTULO I DO PATRIMONIO .....		73
Artigo 190	O patrimonio.....	73
Artigo 191	Titularidade dos bens .....	73
Artigo 192	Administración, desafectación e disposición sobre os bens.....	73
Artigo 193	Exencións tributarias .....	73
CAPÍTULO II DA PLANIFICACIÓN ESTRATÉXICA, DA PROGRAMACIÓN PLURIANUAL E DOS PLANS PLURIANUAIS DE FINANCIACIÓN .....		74
Artigo 194	Planificación estratéxica.....	74

Artigo 195	<i>Programación plurianual</i> .....	74
Artigo 196	<i>Plan plurianual de financiación</i> .....	74
CAPÍTULO III DO ORZAMENTO.....		74
Artigo 197	<i>Orzamento</i> .....	74
Artigo 198	<i>Procedemento de aprobación dos orzamentos</i> .....	75
Artigo 199	<i>Prórroga dos orzamentos</i> .....	75
Artigo 200	<i>Regulamento de xestión orzamentaria</i> .....	75
CAPÍTULO IV DA XESTIÓN E DO CONTROL.....		76
Artigo 201	<i>Control interno</i> .....	76
Artigo 202	<i>Contas anuais</i> .....	76
Artigo 203	<i>Rendición de contas</i> .....	76
Artigo 204	<i>Supervisión polo Consello Social</i> .....	76
Artigo 205	<i>Contratación</i> .....	77
Artigo 206	<i>Obrigas económicas das entidades instrumentais da Universidade</i> 77	
<b>TÍTULO VI DOS ACTOS ACADÉMICOS, HONRAS E DISTINCIÓNS .....</b>		<b>77</b>
Artigo 207	<i>Organización de actos académicos</i> .....	77
Artigo 208	<i>Categorías de honras e distincións</i> .....	77
Artigo 209	<i>Grao de Doutor Honoris Causa</i> .....	78
Artigo 210	<i>Medalla e Insignia de Ouro</i> .....	78
<b>TÍTULO VII DA REFORMA DOS ESTATUTOS .....</b>		<b>78</b>
Artigo 211	<i>Reforma dos Estatutos</i> .....	78

## TITULO PRELIMINAR

### *Artigo 1 Natureza xurídica*

A Universidade de Santiago de Compostela é unha institución pública dotada de plena personalidade xurídica e patrimonio propio, que asume e desenvolve as súas funcións como servizo público de educación superior universitaria mediante o estudo, a docencia, a investigación e a transferencia do coñecemento, actividades para as que goza de autonomía, de acordo con estes Estatutos e no marco da lexislación vixente.

### *Artigo 2 Valores e principios inspiradores*

1. A Universidade de Santiago de Compostela asume como valores inspiradores da súa actividade os seguintes:

a) A Universidade de Santiago de Compostela organizarase de xeito democrático e asegurará a participación dos diferentes sectores da comunidade universitaria no seu goberno. Levará a cabo unha decidida defensa da igualdade e asumirá os principios de liberdade, xustiza, pluralismo, sustentabilidade e compromiso ético como inspiradores da vida universitaria.

b) A Universidade de Santiago de Compostela, garantirá os principios de legalidade, eficacia, eficiencia, transparencia e calidade.

c) A Universidade de Santiago de Compostela garantirá a integración das persoas con discapacidade.

d) A Universidade de Santiago de Compostela acollerá un modelo de desenvolvemento sustentable baseado no respecto, na preocupación e na conservación do ambiente.

e) A autonomía universitaria da USC garantirá a liberdade de cátedra do seu profesorado, que se manifesta na liberdade de docencia, investigación e estudo.

f) A Universidade de Santiago de Compostela manterá un compromiso permanente coa protección da saúde da comunidade universitaria, para o que fomentará en todas as súas actividades a prevención dos riscos derivados do traballo.

g) Para o mellor desenvolvemento das súas funcións, a Universidade de Santiago de Compostela propiciará o establecemento de relacións con outras universidades, organizacións e institucións, e moi en particular coas de carácter académico, científico e cultural. Atenderá dun xeito preferente ás que realicen o seu labor en países de cultura galego-portuguesa, hispanoamericana e europea.

h) Dada a existencia dunha comunidade natural e lingüística alén dos límites da actual Comunidade Autónoma de Galicia, a Universidade de Santiago de Compostela recoñeceralles ás galegas e aos galegos da emigración e ás súas fillas e fillos os mesmos dereitos que aos residentes, nos termos recollidos no artigo 3.2 do Estatuto de Autonomía de Galicia.

i) A Universidade de Santiago de Compostela non colaborará no desenvolvemento de proxectos con fins armamentísticos ou bélicos, sen prexuízo do respecto á legalidade vixente.

2. No desenvolvemento das súas funcións, a Universidade de Santiago de Compostela terá como referentes os dereitos humanos e fundamentais, a memoria democrática, o fomento da equidade e igualdade, o impulso da sustentabilidade, a loita contra o cambio climático e os valores que se desprenden dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible.

3. É deber de todos os membros da comunidade universitaria, e, en particular, dos seus órganos de goberno, darlles plena efectividade a estes principios e impedir calquera tipo de discriminación.

### *Artigo 3 Funcións*

Son funcións da Universidade de Santiago de Compostela:

a) A educación e formación do estudantado a través da creación, desenvolvemento, transmisión e avaliación crítica do coñecemento científico, tecnolóxico, social, humanístico, artístico e cultural, así como das capacidades, competencias e habilidades inherentes ao mesmo.

b) A preparación para o exercicio das actividades profesionais que requiran a solicitude e actualización dos coñecementos e métodos científicos, tecnolóxicos, sociais e humanísticos, creación cultural e artística.

c) A xeración, desenvolvemento, difusión, transferencia e intercambio de coñecemento e aplicabilidade da investigación en todos os ámbitos científico, tecnolóxico, social, humanístico, artístico e cultural.

d) O fomento da innovación baseada no coñecemento en ámbitos sociais, económico, medioambiental, tecnolóxico e institucional.

e) A contribución ao benestar social, ao progreso económico e á cohesión da sociedade galega, así como á promoción das súas linguas oficiais, mediante a formación, a investigación, a transferencia e intercambio de coñecemento e cultura de emprendemento, tanto individual como colectivo, baseado en fórmulas corporativas convencionais ou economía social.

f) A xeración de espazos de creación e difusión do pensamento crítico.

h) A formación da cidadanía mediante a transmisión de valores e principios democráticos.

i) Promover a práctica do deporte e a actividade física e favorecer a compatibilidade efectiva do deporte coa formación académica do estudantado.

#### *Artigo 4 Compromiso social e cultural*

A Universidade de Santiago de Compostela desenvolverá actividades dirixidas a todos os membros da comunidade universitaria e á sociedade en xeral, que terán como finalidade:

a) Procurar a formación integral dos membros da comunidade universitaria, mediante a programación e organización de cursos, conferencias e todo tipo de actividades culturais, recreativas e deportivas que poidan contribuír á mellor realización deste obxectivo.

b) Transferir e intercambiar coñecemento e cultura a toda a sociedade a través da actividade universitaria e da formación permanente ou ao longo da vida de todos os cidadáns.

c) Potenciar os diversos grupos e asociacións universitarias que desenvolvan actividades estudantís, culturais e deportivas.

d) Fomentar a participación da comunidade universitaria e da cidadanía en actividades promovidas por entidades de voluntariado e do terceiro sector que se sitúen el liña cos principios e valores do sistema universitario.

e) Proxectar as funcións da Universidade ao contorno social.

f) Atender especialmente á defensa, desenvolvemento e difusión da cultura galega, promovendo as actividades e servizos que contribúan a este fin e mantendo as relacións necesarias coas institucións que teñan o mesmo obxectivo.

#### *Artigo 5 Autonomía universitaria*

1. En virtude da súa autonomía corresponde, en todo caso, á Universidade de Santiago de Compostela:

a) O establecemento das liñas estratéxicas da universidade, entre outras, no eido da docencia, investigación e innovación, garantía de calidade, políticas de xestión financeira, persoal, estudantil, cultural e internacionalización.

b) A elaboración dos seus Estatutos así como das demais normas de réxime interno.

c) A determinación da súa organización e estruturas, incluída a creación de organismos e entidades que actúen como apoio para as súas actividades.

d) A elección, designación e remoción dos titulares dos órganos de goberno e representación.

e) A autonomía económica e financeira.

f) A proposta e determinación da estrutura e organización da oferta de ensinanzas universitarias oficiais, así como de ensinanzas propias universitarias, incluída a formación ao longo da vida.

g) A elaboración e aprobación de plans de estudo conducentes á obtención de títulos universitarios oficiais de Grao e Máster Universitario, ou conducentes á obtención de títulos propios, así como a oferta de programas de Doutoramento.

h) A expedición de títulos correspondentes ás ensinanzas universitarias oficiais, así como títulos propios, incluída a formación ao longo da vida.

i) O establecemento e implantación de programas de investigación e de transferencia e intercambio do coñecemento e innovación.

k) A selección, formación e promoción do persoal docente e investigador e persoal técnico, de xestión e de administración e servizos, así como a determinación das condicións nas que se desenvolven as súas actividades.

l) O establecemento das relacións de postos de traballo e a súa modificación.

m) A admisión do estudantado, réxime de permanencia, verificación de coñecementos e habilidades, e a xestión dos seus expedientes académicos.

n) O fomento e xestión de programas de mobilidade.

ñ) A organización e desenvolvemento de actividades de titoría académica e apoio ao estudantado.

o) O impulso de programas específicos de becas e axudas ao estudantado.

p) A definición, estruturación e desenvolvemento de sistemas internos de garantía de calidade das actividades académicas.

q) O desenvolvemento de políticas propias que contribúan á internacionalización da Universidade.

r) O establecemento de relacións con outras universidades, institucións, organismos, corporacións de Dereito Público, Administracións públicas ou empresas e entidades locais, nacionais e internacionais, para o desenvolvemento das súas funcións.

s) O desenvolvemento das normas de convivencia e mecanismos de mediación para a solución alternativa de conflitos no ámbito universitario.

2. Corresponden á Universidade de Santiago de Compostela as competencias necesarias para o cumprimento das súas funcións e aquelas inherentes á súa autonomía, así como aquelas atribuídas pola lexislación vixente.

### *Artigo 6 Potestades administrativas*

Correspóndenlle á Universidade de Santiago de Compostela, nos termos legalmente establecidos e sen prexuízo do previsto nas normas que, no seu caso, resulten de aplicación:

a) A potestade regulamentaria para a elaboración das súas normas de organización e funcionamento e das demais normas de réxime interno.

b) A potestade de auto organización.

c) A potestade sancionadora.

d) A executividade dos actos e resolucións producidos polos seus órganos de goberno, así como a execución destes.

e) A potestade de revisión de oficio dos seus actos e acordos.

f) A equiparación coas prerrogativas procesuais da Administración do Estado e das comunidades autónomas nos procesos xudiciais nos que sexa parte, consonte a lexislación vixente.

g) A facultade de instar conflitos de competencias.

h) A inalienabilidade, inembargabilidade e imprescritibilidade dos seus bens de dominio público, así como as potestades de deslinde e recuperación de oficio de todos os seus bens.

i) A exención tributaria, nos termos previstos na normativa vixente, incluídos impostos, taxas, prezos públicos e demais depósitos establecidos polo Estado, comunidades autónomas ou administracións locais.

k) A exención de todo tipo de consignacións e depósitos.

l) A improcedencia de interditos, sempre que a súa actuación se axuste ao procedemento establecido.

#### *Artigo 7 A comunidade universitaria*

A comunidade da Universidade de Santiago de Compostela está formada por:

a) O estudantado.

b) O persoal docente e investigador.

c) O persoal técnico, de xestión e de administración e servizos.

d) O persoal directivo

#### *Artigo 8 Ámbito territorial*

1. A Universidade de Santiago de Compostela está integrada polos campus universitarios situados nas cidades de Santiago de Compostela e Lugo.

2. Ademais, a Universidade de Santiago de Compostela está integrada por todas aquelas estruturas físicas onde leve a cabo o desempeño das súas funcións. Poderanse promover e crear estruturas organizativas ou dispoñer de instalacións noutras ubicacións de considerarse preciso para levar a cabo as súas funcións.

#### *Artigo 9 Lingua*

1. A lingua galega é a lingua propia da Universidade de Santiago de Compostela.

2. A Universidade de Santiago de Compostela potenciará e garantirá, no marco das súas competencias, o uso pleno da lingua galega en todos os ámbitos. A Universidade de Santiago de Compostela adoptará as medidas necesarias para asegurar o coñecemento suficiente das linguas cooficiais na acollida dos seus membros, co fin de garantir os dereitos lingüísticos de toda a comunidade universitaria, nos termos previstos nestes Estatutos e na demais normativa aplicable, así como a través das accións formativas que establezan os plans aos que se refire o apartado cuarto deste No marco da colaboración e intercambio con outras universidades e institucións, a Universidade de Santiago de Compostela fomentará o coñecemento e a proxección exterior da lingua e a cultura galegas.

3. A Universidade de Santiago de Compostela fomentará o coñecemento e o uso de terceiras linguas por parte da comunidade universitaria.

4. A Universidade de Santiago de Compostela definirá e avaliará periodicamente o marco de acción da súa política lingüística a través de plans que deberán ser aprobados polo Claustro.



### *Artigo 10 Símbolos*

1. O escudo da Universidade de Santiago de Compostela é o tradicional, constituído polos seguintes elementos:

- a) O cáliz coa hostia que representa o Reino de Galicia.
- b) O castelo, o león e a coroa que representan a condición de “Real Universidade”.
- c) As dez lanzas con palma no medio, do legado de Lope de Marzoa.
- d) As cinco estrelas de oito puntas, do legado de Alonso de Fonseca.
- e) A cruz, do legado de Diego de Muros.

2. Todo o conxunto está rodeado por un anel ancho que inclúe a lenda *Sigillum Reg Universitat Compostellan*, lema distintivo desta Universidade.

3. O selo da Universidade de Santiago de Compostela é a versión do seu escudo en soporte de carimbo.

4. A bandeira da Universidade de Santiago de Compostela é de formato rectangular e recolle sobre fondo granate as armas de Alonso de Fonseca co escudo en ouro e as cinco estrelas de oito puntas en granate.

5. O estandarte da Universidade de Santiago de Compostela.

6. O escudo, así como os demais emblemas e símbolos da Universidade de Santiago de Compostela forman parte do seu patrimonio e unicamente os utilizarán a Institución, os seus Centros, Centros de Investigación e Servizos. Os órganos de goberno e representación da Universidade deberán facer uso deles en todas as súas actividades. Queda expresamente prohibida a súa utilización polas restantes persoas físicas e xurídicas, agás que contén coa oportuna autorización outorgada por resolución reitoral.

7. Corresponde ao Consello de Goberno a aprobación das normativas dos usos e das reproducións simplificadas destes distintivos para usos oficiais, así como a das variantes ou adaptacións dos mesmos que se deben utilizar institucionalmente sobre calquera soporte para fins específicos, regulando con carácter xeral o seu uso.

## TÍTULO I

### DA COMUNIDADE UNIVERSITARIA

#### CAPÍTULO I

##### *Disposicións xerais*

### *Artigo 11 Dereitos dos membros da comunidade universitaria*

1. Son dereitos de todos os membros da comunidade universitaria, no marco das previsións contidas na lexislación vixente:

a) A participación nos órganos de goberno e de xestión, de acordo co establecido nos presentes Estatutos.

b) A organización, promoción e participación en actividades formativas, culturais, recreativas e deportivas e de extensión universitaria, e a utilización das instalacións e dos servizos universitarios, conforme o que establezan as normas da Universidade.

c) A liberdade de expresión, asociación, sindicación, reunión, manifestación e folga, dentro do ámbito universitario. O estudiantado poderá suspender de xeito colectivo as súas actividades discentes e académicas.

d) A organización, promoción e participación en actividades que contribúan a vincular a Universidade de Santiago de Compostela co seu contorno e á mellora desta institución.

e) Recibir as distintas axudas ou subvencións que a Universidade estableza, de acordo co disposto nas respectivas normas que as regulen.

f) O gozo das prestacións asistenciais e de acción social promovidas, xestionadas ou fomentadas pola Universidade, de acordo co disposto nas respectivas normas que as regulen.

g) A información regular, mediante a publicidade, sobre todas as cuestións que afecten á comunidade universitaria.

h) A disposición de condicións de traballo e estudo axeitadas.

i) A non discriminación por razón da súa discapacidade.

k) A igualdade de trato e oportunidades entre mulleres e homes.

l) A conciliación da vida persoal, familiar e laboral.

m) A disposición dos medios axeitados para contribuír ao bo funcionamento do servizo público universitario e á mellora da súa xestión.

n) O pleno respecto á súa dignidade profesional e persoal, no exercicio das súas funcións.

ñ) A participación no deseño, implementación e avaliación da política universitaria.

2. Sen prexuízo do dispostos nestes Estatutos e do previsto na lexislación vixente, son dereitos específicos do persoal docente e investigador e do persoal técnico, de xestión e de administración e servizos da Universidade de Santiago de Compostela:

a) A formación continua e permanente e a promoción profesional.

b) O coñecemento das funcións propias do posto de traballo que desempeñen.

### *Artigo 12 Deberes dos membros da comunidade universitaria*

1. Son deberes de todos os membros da comunidade universitaria:

a) O cumprimento das obrigas profesionais, investigador, docentes, discentes, de xestión ou de representación, inherentes ao sector da comunidade universitaria ao que pertencen.

b) O cumprimento dos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela e das normas que os desenvolvan.

c) A cooperación cos demais membros da comunidade universitaria na mellora dos servizos e na consecución dos fins da Universidade.

d) O respecto do patrimonio da Universidade e a contribución ao seu digno mantemento.

e) A asunción das responsabilidades de goberno e representación propias dos órganos para os que sexan elixidos ou designados.

f) O cumprimento das normas en materia de prevención de riscos e o respecto ao ambiente.

g) A potenciación da vinculación e do prestixio da Universidade na sociedade.



2. Sen prexuízo do dispostos nestes Estatutos e do previsto na lexislación vixente, son deberes específicos do persoal docente e investigador e do persoal técnico, de xestión e de administración e servizos da Universidade de Santiago de Compostela:

a) A formación permanente e continua actualización no posto de traballo que desempeñe.

b) O cumprimento das obrigas derivadas do seu posto de traballo.

c) A colaboración no control obxectivo, periódico e rigoroso dos seus labores, docentes, investigadores, de xestión ou de administración e servizos, segundo se trate, así como a participación nos procesos de mellora que estableza a Universidade.

## CAPÍTULO II

### Do estudantado

#### *Sección 1ª. Disposicións xerais*

##### *Artigo 13 Estudantes da USC*

Son estudantes da Universidade de Santiago de Compostela aquelas persoas que están matriculadas en estudos conducentes á obtención de titulacións de grao, máster universitario ou doutoramento, así como en titulacións propias da Universidade, agás as que teñan a condición de persoal investigador en formación.

##### *Artigo 14 Dereitos*

Son dereitos específicos do estudantado, sen prexuízo dos demais que lle poidan corresponder en virtude da normativa aplicable:

a) Recibir unha formación e unha docencia de calidade, crítica, actualizada e inclusiva, tanto nos seus contidos coma nos seus métodos pedagóxicos, participando activamente en todo o proceso.

b) Coñecer con anterioridade ao período de matrícula a programación docente, os horarios da docencia e de exames, as modalidades da docencia presencial, híbrida ou virtual, os criterios de avaliación e a lingua de impartición.

c) Coñecer as normas que regulan o seu progreso e permanencia na universidade.

d) A adaptación das actividades docentes, así como das datas e mecanismos de avaliación, ás condicións ou circunstancias especiais nas que se poida atopar por discapacidade ou calquera outras que lle limiten o exercicio dos seus dereitos académicos.

e) Ser avaliado pola Universidade no seu rendemento académico de acordo con criterios públicos, obxectivos e igualitarios e dispoñer de mecanismos axeitados de revisión.

f) Participar activamente no control da calidade da docencia e na elaboración dos seus criterios xerais de avaliación así como participar na elaboración das normas que afectan ao estudantado.

g) Participar activamente, de acordo co seu nivel de formación, en tarefas de formación investigadora, tendo en conta os medios económicos e materiais dispoñibles.

h) A igualdade de oportunidades no acceso, continuidade e finalización dos estudos e a non discriminación por razóns de sexo, raza, relixión, ideoloxía, discapacidade ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social no exercicio dos seus dereitos académicos. Para tal fin poderase beneficiar das distintas axudas ou subvencións que a Universidade estableza, tendo en conta o rendemento académico e a súa situación económica, sen prexuízo da responsabilidade principal do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia.

i) Ser protexido polo réxime de aseguramento establecido legalmente.

k) A propiedade intelectual dos traballos que realicen, no marco da súa actividade discente.

l) Recibir orientación transversal no eido educativo e profesional a través do persoal dos servizos correspondentes, que faciliten o seu itinerario formativo e inserción social e laboral.

m) Ser atendido de xeito personalizado polo profesorado a través do sistema de titorías.

n) Recibir orientación psicopedagóxica e ao coidado da saúde mental e emocional.

ñ) Escoller grupo de docencia, de forma que poida conciliar a súa formación con outras actividades profesionais, extraacadémicas ou familiares, e especificamente para o exercicio dos dereitos das mulleres vítimas de violencia de xénero e para outros casos debidamente xustificadas.

o) A participación activa en órganos de goberno e representación da universidade, para o cal poden ser dispensados das súas obrigas discentes, así como a participación en actividades de representación e asociacionismo estudantil.

p) Recibir un trato non sexista.

q) A unha atención e deseño das actividades académicas que faciliten a conciliación dos estudos coa vida persoal, familiar e laboral.

r) Obter recoñecemento académico por competencias transversais e pola súa participación en actividades universitarias culturais e deportivas, de representación estudantil, solidarias e de cooperación.

s) Obter o recoñecemento, en calquera etapa da súa formación universitaria, dos coñecementos e as competencias ou experiencia profesional adquiridos con carácter previo.

t) O paro académico e a manifestación, sen que o exercicio destes dereitos lle poida supoñer prexuízo algún na súa avaliación académica.

u) Recibir información exacta e concreta sobre os asuntos que lle afecten.

v) O libre exercicio dos dereitos específicos das mulleres vítimas de violencia de xénero, sen que este se poida ver obstaculizado por calquera normativa, actividade ou decisión da Universidade.

w) Acceder a participar en programas de mobilidade en igualdade de oportunidades.

x) O acceso a formación para o desenvolvemento de capacidades dixitais e a seguridade dos medios dixitais e á garantía dos dereitos fundamentais en internet.

y) O acceso e, no seu caso, xestión dos distintos servizos universitarios dirixidos ao estudantado.

z) Á accesibilidade universal dos edificios e as súas contornas físicas e virtuais, así como os servizos, procedementos, subministracións e comunicación de información, os materiais educativos e os procesos de ensino-aprendizaxe e avaliación.

#### Artigo 15 Deberes

Ao estudantado correspóndelle asumir o compromiso de ter una presenza activa e responsable na Universidade. Entendidos como expresión deste compromiso e sen prexuízo dos demais que lle poidan corresponder en virtude da normativa aplicable, os deberes do estudantado son:

a) Estudiar e participar de forma activa e responsable nas actividades académicas que axuden a completar a súa formación e nas demais actividades universitarias.

b) Respetar aos membros da comunidade universitaria así como ao persoal das entidades colaboradoras ou que presten servizos na universidade.

c) Observar as directrices do profesorado e das autoridades universitarias.

d) Coidar e usar debidamente os bens, equipos, instalacións e recinto da Universidade.

e) Absterse da utilización de procedementos fraudulentos nas probas de avaliación, na realización de traballos ou na cumprimentación de documentos oficiais da Universidade, así como da participación nos mesmos.

f) Coñecer e respectar os Estatutos e as demais normas regulamentarias da Universidade, con especial consideración ás normas de convivencia.

g) Coñecer e cumprir as normas internas sobre seguridade e saúde, especialmente as que se refiren ao uso de laboratorios de prácticas e espazos de investigación.

h) Exercer e promover activamente a non discriminación por razóns de sexo, raza, relixión, ideoloxía, discapacidade ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social no exercicio dos seus dereitos académicos e no acceso, continuidade e finalización dos estudos.

i) Exercer, de ser o caso, as responsabilidades propias do cargo de representación para o que fosen escollidos, participando de forma activa e responsable nas xuntanzas dos órganos colexiados dos que sexan membros.

#### Artigo 16 Estatuto do estudantado

O Estatuto do Estudantado da Universidade de Santiago de Compostela, aprobado polo Claustro, desenvolverá polo miúdo os seus dereitos e deberes e regulará as condicións de estudo na Universidade.

#### Artigo 17 Réxime disciplinario

1. Corresponde á Universidade de Santiago de Compostela a potestade de sancionar disciplinariamente ao estudantado cando impida ou dificulte o normal desenvolvemento das funcións de docencia, investigación e transferencia do coñecemento, respecto de actividades desenvolvidas nas súas instalacións, sistemas e espazos, incluídos os de natureza dixital.

2. O exercizo da potestade disciplinaria en relación ao estudantado da universidade corresponde ao Reitor ou Reitora.

3. O exercicio da potestade disciplinaria é independente da esixencia da responsabilidade civil ou penal que corresponda.

#### *Artigo 18 Antigos e antigas estudantes*

1. Os antigos e antigas estudantes da Universidade de Santiago de Compostela poderán agruparse en asociacións, que deberán rexistrarse segundo os requisitos e procedementos establecidos.

2. As asociacións de antigos e antigas estudantes da Universidade de Santiago de Compostela promocionarán a imaxe da universidade e desenvolverán as súas actividades co fin de fomentar a interrelación entre a Universidade e a sociedade.

3. A Universidade impulsará a actividade das asociacións de antigos e antigas estudantes, facilitando medios e promovendo accións informativas e de difusión entre os seus egresados.

### *Sección 2ª. Do Consello do Estudantado*

#### *Artigo 19 Natureza*

O Consello do Estudantado da Universidade de Santiago de Compostela é o órgano colexiado de representación e coordinación do estudantado no ámbito da Universidade de Santiago de Compostela e actuará con plena autonomía para o cumprimento dos seus fins, para o cal se lle asignarán medios e espazos suficientes.

#### *Artigo 20 Composición*

Serán membros do Consello do Estudantado:

- a) Os representantes do estudantado no Consello de Goberno da Universidade, que serán membros natos.
- b) Un representante de cada consello de facultade.
- c) Catro representantes da Escola de Doutoramento, un por cada sección.

#### *Artigo 21 Competencias*

Son funcións do Consello do Estudantado:

- a) Defender os intereses do estudantado perante os órganos de goberno da universidade.
- b) Velar polo cumprimento e respecto dos seus dereitos e deberes.
- c) Realizar propostas aos órganos de goberno en materias relacionadas coas súas competencias para a súa inclusión na orde do día.
- d) Fomentar o asociacionismo estudantil e a participación do estudantado na vida universitaria.
- e) Calquera outra función que lle asignen estes estatutos ou as súas normas de desenvolvemento.

#### *Artigo 22 Procedemento de elección dos seus membros*

1. O sistema de designación como membro do Consello do Estudantado da Universidade de Santiago de Compostela será por votación directa e segreda dos membros do sector estudantes das facultades e da escola de doutoramento.

2. A renovación da composición do Consello de Estudantado realizarase cando se produza a renovación da representación do estudantado nos órganos correspondentes.

## CAPÍTULO III

### Do persoal docente e investigador

#### *Sección 1ª. Disposicións xerais*

##### *Artigo 23 Categorias*

1. O persoal docente e investigador da Universidade de Santiago de Compostela estará composto polo profesorado dos corpos docentes universitarios, polo profesorado laboral e polo persoal investigador laboral pertencente ás categorías establecidas na normativa de aplicación ás universidades públicas. Cando posúa o título de doutor terá plena capacidade investigadora.

2. O persoal docente e investigador funcionario será maioritario, computado en equivalencias a tempo completo, sobre o total de persoal docente e investigador da universidade. A estes efectos, non se computará como persoal docente e investigador laboral a quen non teña responsabilidades docentes nas ensinanzas conducentes á obtención dos títulos universitarios oficiais, nin ao persoal propio dos centros de investigación adscritos á universidade e das escolas de doutoramento.

3. O profesorado con contrato laboral temporal non poderá superar o 8% en efectivos do cadro de persoal docente e investigador. A estes efectos, non computará o profesorado asociado de ciencias da saúde e o profesorado axudante doutor.

##### *Artigo 24 Antigüidade*

Cando sexa de aplicación para efectos internos, o criterio de antigüidade do persoal docente e investigador da Universidade de Santiago de Compostela entenderase referido ao tempo de permanencia nela dentro da categoría da que se trate.

##### *Artigo 25 Instrumentos de ordenación dos postos de traballo*

Consonte a normativa vixente, o Consello de Goberno, logo da negociación cos órganos de representación do persoal aprobará co informe do Consello Social, e informará ao Claustro da relación de postos de traballo, na que se consignarán, clasificados polos campus de Santiago e Lugo, os distintos postos, de acordo coas dispoñibilidades orzamentarias da Universidade e respectando os seguintes criterios:

a) As necesidades dos programas de estudo, nos seus distintos ciclos, e de investigación, que tendan a unha proporción profesorado/estudiantado por grupo que permita o desenvolvemento con crecente calidade da actividade docente, investigadora e de xestión do persoal docente e investigador.

b) As esixencias de persoal que se derivan da ampliación do número de centros e titulacións.

c) A estabilización e promoción académica dos membros do persoal docente e investigador acreditados polas instancias externas oficiais encargadas da súa

avaliación, mantendo a conveniente proporcionalidade na fixación do número de prazas de cada categoría.

d) A progresiva normalización e o respecto dos dereitos lingüísticos, establecendo, de ser o caso, perfís lingüísticos dos postos de traballo.

#### *Artigo 26 Sistemas de selección*

1. O persoal docente e investigador será seleccionado por medio de concurso, excepto as modalidades de profesorado visitante, distinguido, emérito ou as modalidades previstas na Lei 14/2011, de 1 de xuño. A convocatoria do proceso selectivo corresponde ao Reitor ou Reitora conforme aos principios de publicidade, mérito e capacidade co obxecto de garantir unha selección eficaz, eficiente, transparente e obxectiva, de acordo cos estándares avaliadores da calidade docente e investigadora, a igualdade de oportunidades e a inclusión efectiva de persoas con discapacidade.

2. No concurso valoraranse os méritos de cada persoa aspirante e a súa adecuación ás tarefas propias da praza obxecto da convocatoria.

3. Corresponde ao Consello de Goberno:

a) Determinar a creación de prazas de persoal docente e investigador así como, se procede, manter, minorar ou cambiar a denominación ou a categoría dos postos vacantes, a través da correspondente relación de postos de traballo, previa negociación cos órganos correspondentes de representación do persoal.

b) Designar ao profesorado que integrará a comisión que resolverá o concurso.

#### *Artigo 27 Comisións de selección*

A composición das comisións de selección axustarase aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, garantindo unha composición equilibrada entre mulleres e homes, agás que non sexa posible por razóns fundadas e obxectivas debidamente motivadas.

#### *Artigo 28 Asignación de tarefas docentes*

1. A docencia das materias establecidas nos programas de estudo será encargada polos centros ás áreas de coñecemento correspondentes, que deberán garantir a súa realización.

2. O Consello de Goberno aprobará unha normativa para a organización docente das distintas titulacións na que se determinará, tendo en conta as características específicas de cada tipo de programa, as diferentes fases do proceso e o seu calendario, así como as competencias de cada un dos órganos e unidades que interveñen no proceso.

3. Na organización das actividades docentes deberáselle garantir ao profesorado doutor o tempo necesario para un axeitado desenvolvemento do seu labor investigador.

#### *Artigo 29 Permisos e licencias*

1. O persoal docente e investigador terá dereito a desfrutar dos permisos e licenzas que, con carácter xeral, establece a lexislación sobre función pública aplicable aos corpos docentes universitarios así como a lexislación de aplicación ao persoal laboral, os presentes Estatutos e as normas aprobadas pola Universidade de Santiago



en virtude da súa autonomía, nas cales se procurará favorecer a conciliación da vida laboral e familiar.

2. O persoal docente e investigador poderá obter licenzas por estudos noutras universidades ou institucións científicas españolas ou estranxeiras, nas condicións que determine o Consello de Goberno.

3. O persoal docente e investigador, cada vez que cumpra un período ininterrompido de seis anos de docencia na Universidade de Santiago de Compostela en réxime de dedicación a tempo completo ou equivalente, terá dereito a unha licenza dun ano conservando todos os seus dereitos económicos e administrativos. O Consello de Goberno elaborará a normativa de concesión destas licenzas e decidirá sobre a súa concesión, tendo en conta os proxectos de actividades que se vaian realizar. En todo caso, asegurárase de que queden debidamente cubertas as funcións docentes da área de coñecemento, para o cal o Consello de Goberno poderá habilitar partidas específicas.

#### *Artigo 30 Plans de formación*

1. Garantírase a formación inicial e continuada do persoal docente e investigador.

2. O Consello de Goberno aprobará plans de formación inicial e de formación ao longo da vida que garantan a mellora profesional do seu persoal docente e investigador, nos distintos ámbitos de especialización da actividade universitaria, no marco da planificación estratéxica e das prioridades da universidade en materia de formación.

#### *Artigo 31 Mobilidade*

1. A mobilidade constitúe un dereito do persoal docente e investigador.

2. Corresponde ao Consello de Goberno a aprobación da regulación da Universidade de Santiago respecto da mobilidade do seu persoal docente e investigador.

3. A Universidade de Santiago de Compostela dotará do adecuado financiamento orzamentario aos plans de mobilidade para o reforzo dos coñecementos científicos, tecnolóxicos, humanísticos, artísticos, culturais, lingüísticos, a creatividade e o desenvolvemento profesional do persoal docente e investigador.

#### *Artigo 32 Regulamento do persoal docente e investigador*

No marco das bases que estableza o Claustro, o Consello de Goberno aprobará un Regulamento do persoal docente e investigador, no que se conterà a disciplina da actividade do profesorado, que está constituída basicamente por labores docentes, investigadores, de transferencia e de xestión.

### *Sección 2ª. Do profesorado dos corpos docentes universitarios*

#### *Artigo 33 Réxime de dedicación*

1. A dedicación do persoal docente e investigador pertencente aos corpos docentes universitarios será preferentemente a tempo completo. O Consello de Goberno poderá acordar un cambio de dedicación, tras a solicitude da persoa interesada e o informe da área de coñecemento correspondente, consonte a lexislación vixente e sempre e cando non se distorsione o normal desenvolvemento da docencia.

2. A súa dedicación a tempo completo será compatible coa realización de traballos científicos, tecnolóxicos, humanísticos ou artísticos nos termos establecidos pola normativa aplicable ás universidades públicas.

3. O profesorado funcionario en réxime de dedicación a tempo completo terá asignado un encargo docente máximo de 240 horas e mínimo de 120 horas por curso académico dentro da súa xornada laboral anual. Corresponde ao Consello de Goberno aprobar os criterios conforme aos cales modificar o seu encargo docente máximo e mínimo.

#### *Artigo 34 Comisión de reclamacións*

1. Contra as propostas das comisións dos concursos de selección poderá presentarse unha reclamación perante o Reitor ou Reitora. Admitida a trámite a reclamación, suspenderanse os nomeamentos ata a súa resolución definitiva.

2. As reclamacións serán valoradas pola Comisión de Reclamacións. O seu informe terá carácter vinculante.

3. A Comisión de Reclamacións estará composta:

a) Pola persoa titular da reitoría ou pola persoa na que delegue, que actuará como presidente/a, e que terá voto de calidade.

b) Un catedrático en representación de cada unha das cinco grandes áreas de coñecemento, elixido polo Claustro.

c) Un ou unha representante designado ou designada polo órgano de representación do persoal docente e investigador contratado, con voz pero sen voto.

d) A persoa que ocupe a xefatura do servizo de planificación de persoal docente e investigador, que ocupará a secretaría da comisión, con voz pero sen voto.

4. A resolución do Reitor ou Reitora porá fin á vía administrativa.

#### *Sección 3ª. Do persoal docente e investigador laboral*

#### *Artigo 35 Categorías*

1. A regulación das categorías de persoal docente e investigador laboral que a Universidade poida contratar conforme á lexislación aplicable establecerá os seus dereitos e deberes, así como as condicións de acceso, permanencia, promoción e rescisión de contratos.

2. A Universidade de Santiago de Compostela poderá, de acordo cos criterios que regulamentariamente estableza o Consello de Goberno, nomear e no seu caso, contratar como profesorado emérito a aquelas persoas xubiladas que prestaran servizos destacados na mesma no ámbito docente, de investigación ou de transferencia e intercambio de coñecemento e innovación.

3. A Universidade de Santiago de Compostela poderá, de acordo cos criterios que regulamentariamente estableza o Consello de Goberno, contratar como profesorado distinguido a docentes e investigadores, tanto españois como estranxeiros, que estean a desenvolver a súa carreira académica ou investigadora no estranxeiro, e cuxa excelencia e contribución científica, tecnolóxica, humanística ou artística, sexan significativas e recoñecidas internacionalmente.



A finalidade do contrato será desenvolver tarefas docentes, investigadoras, de transferencia e intercambio do coñecemento, de innovación ou de dirección de grupos, centros de investigación e programas científicos e tecnolóxicos singulares.

#### *Artigo 36 Réxime de dedicación*

1. O Consello de Goberno poderá acordar o cambio de dedicación do persoal docente e investigador laboral, tras a solicitude da persoa interesada e o informe da área de coñecemento, consonte ao disposto na normativa de aplicación e sempre e cando non distorsione o normal desenvolvemento da docencia.

2. A dedicación do persoal docente e investigador laboral será compatible coa realización de traballos científicos, tecnolóxicos, humanísticos ou artísticos, nos termos establecidos na lexislación de aplicación ás universidades públicas.

3. Os contratos do profesorado emérito terán unha duración máxima de cinco anos e unha retribución compatible coa pensión de xubilación. O profesorado emérito terá a posibilidade de colaborar na dirección de tarefas de investigación, na docencia de posgraos e doutoramento e, en xeral, en estudos de especialización científica e profesional, en actividades de extensión universitaria e noutras equiparables.

#### *Artigo 37 Comisión de revisión*

1. Contra as propostas das comisións dos concursos de selección de persoal docente e investigador laboral poderá presentarse unha reclamación perante o Reitor ou Reitora.

2. As reclamacións serán valoradas pola Comisión de Revisión, agás no caso das resolucións dos concursos de selección de profesorado permanente laboral, nos que será competente a Comisión de Reclamacións. O seu informe terá carácter vinculante.

3. A Comisión de Revisión estará composta:

a) Pola persoa titular da reitoría ou pola persoa na que delegue, que actuará como presidente/a, e que terá voto de calidade.

b) Un representante de cada unha das cinco grandes áreas de coñecemento, elixidos polo Consello de Goberno.

c) Un ou unha representante designado/a polo órgano de representación do persoal docente e investigador contratado, con voz pero sen voto.

d) A persoa que ocupe a xefatura do servizo de planificación de persoal docente e investigador, que ocupará a secretaría da comisión, con voz pero sen voto.

3. A resolución do Reitor ou Reitora porá fin á vía administrativa.

### *Sección 4ª. Persoal investigador*

#### *Artigo 38 Categorías*

A Universidade de Santiago de Compostela poderá contratar persoal investigador nas modalidades de contrato predoutoral, contrato de acceso de persoal investigador doutor, contrato de investigador/a distinguido/a e contrato de actividades científico-técnicas, ou en calquera outra modalidade contractual prevista na lexislación aplicable ás universidades públicas.

## CAPÍTULO IV

### **Do persoal técnico, de xestión e de administración e servizos**

#### *Artigo 39 Tipoloxía*

1. O persoal técnico, de xestión e de administración e servizos coaduxa ao cumprimento dos fins e obxectivos da Universidade.

2. O persoal técnico, de xestión e de administración e servizos estará constituído polo persoal funcionario das escalas propias, das escalas doutras universidades ou de corpos e escalas doutras administracións públicas e polo persoal laboral que presten os seus servizos na Universidade de Santiago de Compostela.

3. O persoal técnico, de xestión e de administración e servizos será retribuído con cargo ao orzamento da Universidade de Santiago de Compostela. As normas de desenvolvemento destes Estatutos establecerán o réxime retributivo do persoal funcionario, dentro dos límites establecidos na normativa de aplicación.

#### *Artigo 40 Persoal contratado para a xestión científico-técnica*

1. A Universidade de Santiago de Compostela poderá contratar persoal con cargo a financiación externa ou procedente de convocatorias públicas en concorrencia competitiva na súa totalidade para a xestión científico-técnica, de acordo co disposto na lexislación aplicable.

2. A selección de persoal para a xestión científico-técnica levarase a cabo, en todo caso, a través de procedementos nos que se garantan os principios de igualdade, mérito, capacidade, publicidade e concorrencia.

#### *Artigo 41 Escalas e categorías*

1. De considerarse necesario para o mellor funcionamento do servizo público universitario, o Consello de Goberno, a proposta da xerencia, logo da negociación coa xunta de persoal técnico, de xestión e de administración e servizos funcionario, poderá crear escalas propias de carácter facultativo. Tamén poderá establecer, de acordo co contido funcional que se trate de cubrir e dos requisitos específicos de acceso, especialidades nas escalas propias.

2. A clasificación en grupos e categorías profesionais do persoal laboral técnico, de xestión e de administración e servizos será a que se estableza no convenio colectivo vixente en cada momento ou de acordo coa lexislación laboral vixente. A formalización do convenio colectivo precisará do informe previo do Consello Social. Salvo pacto en contrario, o convenio colectivo prorrogarase de ano en ano se non mediase denuncia expresa das partes.

3. Corresponderalles a estes corpos e escalas, así como aos grupos e categorías profesionais do persoal laboral técnico, de xestión e de administración e servizos desenvolver o apoio, asistencia e asesoramento ás autoridades académicas, o exercicio da xestión e administración, e o soporte á investigación e a transferencia de tecnoloxía ou calquera outro proceso de xestión administrativa e de soporte que se considere necesario para a Universidade no cumprimento dos seus obxectivos.

#### *Artigo 42 Instrumentos de ordenación dos postos de traballo*

1. O Consello de Goberno, por proposta da Xerencia, que terá en conta as necesidades da docencia, da investigación e dos servizos da Universidade, despois da negociación cos órganos de representación do persoal, aprobará co informe do Consello Social a relación de postos de traballo do persoal de administración e servizos e informará dela ao Claustro.

2. O persoal técnico, de xestión e de administración e servizos dependerá organicamente da xerencia e funcionalmente da dirección do centro, ou servizo ao que estea adscrito o seu posto de traballo. Esta dependencia funcional será recollida para cada posto de traballo na correspondente relación de postos de traballo ou manual de funcións.

#### *Artigo 43 Sistemas de selección*

1. A selección do persoal técnico, de xestión e de administración e servizos, realizarase logo da superación das correspondentes probas selectivas de acceso, garantíndose, en todo caso, o respecto aos principios de igualdade, mérito, capacidade, transparencia, publicidade e concorrencia así como a posibilidade de recurso ante a universidade.

2. Anualmente, a Universidade de Santiago de Compostela, logo da negociación cos órganos de representación do persoal, aprobará a súa oferta de emprego público, na que se preverá, en todo caso, a porcentaxe de vacantes que se convocarán a promoción interna.

#### *Artigo 44 Provisión de postos*

A provisión de postos de traballo de persoal técnico, de xestión e de administración e servizos Universidade de Santiago de Compostela atenderá ás necesidades do servizo e garantirá os principios de publicidade, transparencia, igualdade, mérito e capacidade.

#### *Artigo 45 Comisións de selección*

1. As probas de acceso serán xulgadas por unha comisión de selección nomeada polo Reitor ou Reitora na forma que se estableza na normativa aprobada polo Consello de Goberno no desenvolvemento destes Estatutos.

2. O procedemento de designación dos membros da comisión de selección garantirá a súa imparcialidade e profesionalidade. Deberá asegurarse unha composición equilibrada entre mulleres e homes.

#### *Artigo 46 Promoción*

A Universidade de Santiago de Compostela garantirá e fomentará a progresión na carreira profesional do persoal técnico, de xestión e de administración e servizos, de acordo coa lexislación vixente e tendo en conta as necesidades da institución.

#### *Artigo 47 Plan de formación*

O Consello de Goberno, a proposta da Xerencia, aprobará o plan plurianual de formación para o persoal técnico, de xestión e de administración e servizos. Este plan terá como obxectivos xerais a progresiva cualificación do persoal para o desempeño das funcións que ten encomendadas, singularmente, no momento do ingreso na

Universidade, e a formación continua que permita o desenvolvemento persoal e profesional dos traballadores, nos distintos ámbitos de especialización da actividade universitaria.

#### *Artigo 48 Mobilidade*

1. A Universidade de Santiago de Compostela aprobará plans plurianuais de mobilidade do seu persoal técnico, de xestión e de administración e servizos para o desempeño das súas funcións noutras universidades ou administracións públicas e, a tal fin, celebrará convenios que aseguren a reciprocidade.

2. Estes plans incluírán a mobilidade internacional, en coordinación coas Administracións Públicas, e mediante programas e convenios específicos incluídos aqueles que institúa a Unión Europea mediante estancias con fins formativos en institucións de educación superior, entidades ou empresas.

### CAPÍTULO V

#### **Do persoal directivo**

##### *Artigo 49 Definición*

O persoal directivo desenvolve funcións xerenciais con carácter profesional, cun nivel alto de autonomía e responsabilidade.

##### *Artigo 50 Designación*

A designación do persoal directivo atenderá aos principios de mérito e capacidade e a criterios de idoneidade, e levarase a cabo mediante procedementos que garantan a publicidade e concorrencia.

##### *Artigo 51 Avaliación*

O persoal directivo estará suxeito a avaliación conforme aos criterios de eficacia e eficiencia, responsabilidade pola súa xestión e control de resultados en relación cos obxectivos que lles foran fixados.

##### *Artigo 52 Condicións de emprego*

1. A determinación das condicións de emprego do persoal directivo non terá a consideración de materia obxecto de negociación colectiva.

2. Cando o persoal directivo reúna a condición de persoal laboral estará sometido a unha relación laboral de carácter especial de alta dirección.

##### *Artigo 53 Ordenación dos postos de traballo*

A ordenación dos postos de traballo do persoal directivo realizarase a través dunha relación de postos directivos, que será aprobada polo Consello de Goberno, a proposta do Reitor ou Reitora, e previo informe da xerencia.

### CAPÍTULO VI

#### **Do valedor da comunidade universitaria**

##### *Artigo 54 Natureza*

1. O Valedor ou Valedora da comunidade universitaria é a persoa comisionada do Claustro universitario para a defensa e a garantía dos dereitos e liberdades do

estudantado, do persoal docente e investigador e do persoal técnico, de xestión e de administración e servizos, que poden acudir ante el cando consideren lesionados os seus dereitos e liberdades ante as actuacións dos diferente órganos e servizos universitarios.

2. O Claustro universitario elabora o estatuto do valedor da comunidade universitaria.

#### *Artigo 55 Funcións*

1. O Valedor ou Valedora da comunidade universitaria poderá asumir tarefas de mediación, conciliación e bos oficios, de acordo coa lexislación vixente.

2. As súas actuacións non estarán sometidas a mandato imperativo de instancia universitaria ningunha e virán rexidas polos principios de independencia, autonomía e confidencialidade.

3. O Valedor ou Valedora presentarlle un informe anual ao Claustro, no que dará conta das súas actividades e incorporará as propostas de mellora que estime oportunas.

4. O Valedor ou Valedora poderá instar e promover ante os órganos correspondentes actuacións e iniciativas para mellorar a calidade, así como os dereitos e liberdades, dos membros da comunidade universitaria.

#### *Artigo 56 Duración do mandato*

O Valedor ou Valedora da comunidade universitaria será elixido ou elixida para un mandato de cinco anos.

#### *Artigo 57 Procedemento de elección e cesamento*

1. O Valedor ou Valedora da comunidade universitaria será elixido ou elixida polo Claustro universitario por maioría absoluta.

2. O mandato do Valedor ou Valedora finalizará polo transcurso do prazo máximo do seu mandato, por dimisión ou por cese, acordado pola maioría absoluta dos membros do Claustro universitario.

#### *Artigo 58 Medios*

Para o desempeño das súas funcións, o Valedor ou Valedora disporá dos medios persoais e materiais necesarios. Todos os órganos e membros da comunidade universitaria están obrigados a auxilialo no exercicio das súas funcións.

## TÍTULO II Da estrutura da USC

### CAPÍTULO I

#### Da administración xeral

##### *Sección 1ª. Disposicións xerais*

##### *Artigo 59 Unidades administrativas*

1. As unidades administrativas son os elementos básicos da estrutura organizativa da USC, que comprenden postos de traballo vinculados funcionalmente por razón das súas tarefas e organicamente por unha dirección común.

2. A creación de unidades administrativas debe responder a necesidades organizativas en relación coas competencias e funcións de cada órgano administrativo. En todo caso, a creación de novas unidades administrativas deberá estar xustificada pola concorrencia dalgunha das seguintes circunstancias:

a) Que sexa necesaria para a mellor xestión de funcións de contido homoxéneo e diferenciado respecto do órgano ou unidade administrativa superior.

b) Que o exercicio de tales cometidos conleve un volume de xestión elevado, o cal virá determinado polo número ou complexidade dos expedientes a tramitar e polo persoal necesario para facelo.

c) Que a dirección e coordinación do exercicio dos seus cometidos non poida levarse a cabo nun nivel xerárquico superior sen menoscabo da súa eficacia.

2. O Consello de Goberno, a proposta do Reitor ou Reitora e previo informe do Xerente ou da Xerente sobre o seu impacto económico, aprobará o organigrama da administración da USC no que se indicarán as unidades administrativas dependentes dos órganos de goberno e a descrición dos seus cometidos en relación coas competencias e funcións do órgano do que dependan.

3. Para a modificación do organigrama da USC seguirase o procedemento establecido para a súa aprobación.

##### *Artigo 60 Unidades administrativas básicas*

En todo caso, formarán parte do organigrama da USC as seguintes unidades administrativas, que terán carácter básico ou necesario:

1. Igualdade e diversidade.

2. Saúde e acompañamento psicolóxico.

3. Acompañamento pedagóxico e orientación profesional.

##### *Artigo 61 Órganos administrativos*

1. Terán a consideración de órganos administrativos, ademais dos órganos de goberno, aquelas unidades administrativas do aparato organizativo da Universidade ás que se lle atribúan competencias decisorias que produzan efectos xurídicos fronte a terceiros, ou cuxa actuación teña efectos preceptivos no marco do procedemento de que se trate.

2. Corresponde ao Reitor ou Reitora a delimitación das unidades administrativas que configuran os órganos administrativos propios das especialidades derivadas da organización da Universidade.

3. A creación, modificación ou supresión dun órgano administrativo requirirá, polo menos, do cumprimento dos seguintes requisitos:

a) Determinación da súa forma de integración na estrutura orgánica da Universidade e da súa dependencia xerárquica.

b) Delimitación das súas funcións e competencias.

c) Dotación dos créditos necesarios para a súa posta en marcha e funcionamento.

d) Comprobación de que non existe na Universidade outro que desempeñe a mesma función. Non se poderán crear novos órganos que supoñan a duplicación dos existentes se ao mesmo tempo non se suprime ou restrinxen debidamente a súa competencia.

### *Sección 2ª. Da unidade de igualdade e diversidade*

#### *Artigo 62 Natureza*

1. A unidade de igualdade e diversidade é unha unidade administrativa de carácter necesario adscrita organicamente ao reitor/a.

2. Contará cunha subunidade específica de atención á discapacidade.

#### *Artigo 63 Funcións*

Correspóndenlle, cando menos, as seguintes funcións:

a) Asesorar, coordinar e avaliar a incorporación transversal da igualdade entre homes e mulleres no desenvolvemento das políticas universitarias, así como incluír a perspectiva de xénero no conxunto de actividades e funcións da universidade.

b) Coordinar e incluír de maneira transversal o desenvolvemento das políticas universitarias de inclusión e antidiscriminación no conxunto de actividades e funcións da universidade.

c) Calquera outra función en materia de igualdade e diversidade que lle fose atribuída pola normativa de aplicación.

### *Sección 3ª. Da unidade de saúde e acompañamento psicolóxico*

#### *Artigo 64 Natureza*

A unidade de saúde e acompañamento psicolóxico é unha unidade administrativa de carácter necesario adscrita organicamente ao Reitor ou á Reitora.

#### *Artigo 65 Funcións*

Correspóndenlle, cando menos, as seguintes funcións:

a) A prestación á comunidade universitaria de servizos gratuítos de orientación psicolóxica, e de prevención e fomento do benestar emocional.



- b) Calquera outra función que lle fose atribuída pola normativa de aplicación.

*Sección 4ª. Da unidade de acompañamento pedagóxico e orientación profesional*

*Artigo 66 Natureza*

A unidade de acompañamento pedagóxico e orientación profesional da é unha unidade administrativa de carácter necesario adscrita organicamente ao Reitor ou á Reitora.

*Artigo 67 Funcións*

Correspóndenlle a esta unidade, cando menos, as seguintes funcións:

- a) A prestación á comunidade universitaria de servizos gratuítos de orientación pedagóxica e profesional.
- b) Calquera outra función en materia orientación pedagóxica e profesional que lle fose atribuída pola normativa de aplicación.

CAPÍTULO II

**Da administración propia das estruturas de docencia, investigación e transferencia da USC**

*Sección 1ª. Disposicións xerais*

*Artigo 68 Estrutura organizativa*

1. A Universidade de Santiago de Compostela estrutúrase en áreas de coñecemento, facultades, escolas, centros de investigación e escolas de doutoramento.
2. Pertencen tamén á estrutura da Universidade as escolas de especialización profesional e outras estruturas de docencia, investigación e transferencia que a Universidade poida crear no uso da súa autonomía.
3. Ademais de nas cidades nas que está implantada, a Universidade de Santiago de Compostela poderá promover e crear estruturas de docencia, investigación e transferencia en calquera outro lugar.

*Sección 2ª. Das áreas de coñecemento*

*Artigo 69 Natureza*

1. As áreas de coñecemento agrupan a todo o persoal docente e investigador pertencente a un ámbito e son as unidades básicas encargadas da programación e do desenvolvemento do ensino que lle corresponde.
2. Cada área de coñecemento estará vinculada a un centro da Universidade atendendo ao seu obxecto de coñecemento.



### *Artigo 70 Funcións*

Son funcións das áreas:

a) A programación, desenvolvemento e seguimento das ensinanzas asignadas ao ámbito da súa competencia, de acordo coas previsións dos plans de estudos, así como cos criterios xerais emanados da Universidade e cos criterios específicos emanados dos centros nos que impartan a docencia.

b) O apoio ás iniciativas e actividades docentes do seu persoal docente e investigador.

d) A formación do persoal docente e investigador da Universidade.

e) A iniciativa ou, no seu defecto, informe previo, para a creación, mantemento, minoración ou cambio de denominación de prazas de persoal docente e investigador, funcionario ou contratado, así como, de ser o caso, a proposta dos membros da comisión encargada de resolver os concursos.

f) Calquera outra actividade encamiñada ao axeitado desenvolvemento da actividade docente e investigadora que non corresponda a outros órganos.

### *Artigo 71 Creación e supresión*

1. Ademais das áreas de coñecemento que veñan determinadas polo catálogo nacional, poderán crearse áreas propias para atender as peculiaridades e homoxeneidade dun obxecto de coñecemento e tendo en conta a existencia dunha comunidade de docentes nacionais e/ou internacionais.
2. A creación e supresión de áreas de coñecemento propias corresponde ao Consello de Goberno.
3. Corresponde tamén ao Consello de Goberno a creación de seccións dentro das áreas de coñecemento cando concorran razóns de tipo académico e/ou xeográfico.

### *Artigo 72 Coordinación*

Cada área de coñecemento contará cun Coordinador ou Coordinadora proposto polos seus membros e nomeado polo Reitor que será o responsable da xestión dos asuntos que son competencia da mesma.

### *Artigo 73 Funcionamento das áreas*

1. As propostas das áreas referidas á programación da docencia serán remitidas a cada un dos centros responsables das respectivas titulacións para a súa aprobación e tramitación oportuna diante da Vicerreitoría competente.
2. As propostas referidas á creación, mantemento, minoración ou cambio de denominación de prazas de persoal docente e investigador, funcionario ou contratado, así como, de ser o caso, a proposta dos membros da comisión encargada de resolver os concursos, serán sometidas a ratificación do centro ao que se vincule a área para a súa tramitación diante da vicerreitoría competente.

### *Sección 3ª. Das facultades e escolas*

#### *Artigo 74 Natureza*

1. As facultades e escolas son os centros encargados do deseño, planificación da docencia, organización e xestión dos estudos conducentes á obtención de títulos académicos oficiais de grao e máster. Tamén poderán impartir ensinanzas conducentes á obtención doutros diplomas e títulos.

2. Os títulos oficiais de grao e de máster que implante a Universidade deberán adscribirse a unha facultade ou escola.

#### *Artigo 75 Funcións*

Son funcións das facultades e escolas:

a) A elaboración dos plans de estudos das titulacións impartidas polo centro e a participación na elaboración daquelas outras compartidas por varios centros.

b) A organización e a xestión dos servizos docentes que lles correspondan.

c) A coordinación, a supervisión e o control da actividade docente desenvolvida no centro, das prácticas tuteladas externas e/o *prácticum* contemplados nos plans de estudos e a participación nos procedementos que estableza a Universidade para a avaliación da calidade docente.

d) A elaboración dun calendario de actividades lectivas para cada curso, que se deberá facer público con anterioridade á apertura da matrícula.

e) A promoción de programas de intercambio.

f) A promoción e implantación de medidas para a realización de prácticas externas.

g) A realización das actividades de xestión académica que lles encomende a Universidade.

h) A administración dos espazos, servizos, equipos e recursos do centro e o control da súa calidade.

i) O coñecemento da actividade investigadora que se desenvolva no centro.

k) A realización de actividades de formación permanente ou de extensión universitaria no seu ámbito de competencia.

#### *Artigo 76 Creación, modificación e supresión*

1. A creación, modificación e supresión de facultades e escolas levarase a cabo de conformidade co previsto na normativa de aplicación ás universidades públicas.

2. O expediente de creación ou, no seu caso, de modificación irá acompañado dunha memoria na que se incluírá, polo menos:

a) A xustificación da conveniencia científica, social, económica e cultural da proposta.

b) No seu caso, o proxecto de plan ou plans de estudos das titulacións que se prevén.

c) A relación das áreas que terán ao seu cargo a función docente.

d) Os recursos humanos e necesidades materiais.

e) A previsión razoada do número de estudantes.

f) A incidencia sobre outros centros existentes.

g) En caso de modificación, informe dos centros afectados.

3. O expediente de supresión irá acompañado dunha memoria na que se incluírá, polo menos:

- a) A xustificación da conveniencia científica, social e económica da proposta.
- b) O destino dos recursos humanos e materiais afectos ao centro que se vaia a extinguir, de acordo con a lexislación aplicable.
- c) A incidencia sobre outros centros existentes.
- d) O informe do centro afectado.

#### *Sección 4ª. Da Escola de Doutoramento*

##### *Artigo 77 Natureza*

1. Corresponde á Escola de Doutoramento a organización e impartición das ensinanzas e actividades propias do doutoramento.

2. No seu ámbito de actuación, poderanse organizar e impartir estudos de doutoramento nun ou máis ámbitos especializados ou interdisciplinares, así como outras actividades abertas de formación en investigación.

##### *Artigo 78 Modificación e supresión*

1. A modificación ou supresión da Escola de Doutoramento será aprobada por acordo do Consello de Goberno tralo informe previo favorable do Consello Social.

2. As iniciativas de modificación da Escola de Doutoramento incluírán as previsións precisas para garantir:

- a) O desenvolvemento por parte da escola da súa propia estratexia ligada á estratexia de investigación da Universidade.
- b) Unha capacidade de xestión adecuada para os seus fins.
- c) O liderado no seu ámbito e unha masa crítica suficiente de doutores e doutoras, profesores e profesoras de terceiro ciclo e doutorandos e doutorandas no seu ámbito de coñecemento.

#### *Sección 5ª. Dos centros de investigación*

##### *Artigo 79 Natureza*

1. Os centros de investigación teñen por obxecto a realización de actividades de investigación científica, técnica e humanística ou a creación artística e, no seu caso, actividades de transferencia e intercambio do coñecemento e da cultura ao conxunto da sociedade.

2. Mediante acordo do Consello de Goberno poderán establecerse requisitos para a composición e denominación dos centros de investigación, na que se poderán empregar, entre outros, os termos centro ou instituto.

##### *Artigo 80 Tipoloxía*

1. Os centros de investigación poderán ser:

- a) Propios da Universidade de Santiago de Compostela.

- b) Interuniversitarios.
  - c) Mixtos, constituídos conxuntamente con organismos públicos de investigación, con centros do sistema público de saúde e con outros centros públicos ou privados sen ánimo de lucro, mediante convenio específico.
  - d) Adscritos, promovidos por outras institucións de carácter público ou privado que se incorporan como institutos e centros de investigación da universidade mediante convenio.
2. Os centros de investigación propios da Universidade rexeranse polo seu regulamento de réxime interno, que aprobará o Consello de Goberno.
3. Os restantes centros de investigación serán creados a través do oportuno convenio, no que, en todo caso, se garantirá a participación da Universidade no seu goberno, actividade e resultados científicos e económicos, polo menos en proporción aos recursos materiais e investigadores cos que contribúa. O seu regulamento de réxime interno será ratificado polo Consello de Goberno.
4. No caso dos centros interuniversitarios, dos creados en colaboración con organismos públicos ou privados e dos mixtos, establecerase unha estrutura orgánica de múltiple dependencia das entidades colaboradoras.
5. Mediante convenio, poderán adscribirse á Universidade de Santiago de Compostela como centros de investigación aqueles dependentes doutras institucións públicas ou privadas.

#### *Artigo 81 Creación, modificación e supresión*

A creación, modificación e supresión dos centros de investigación e a súa adscrición e desadscrición será aprobada por acordo do Consello de Goberno. Será preciso informe favorable previo do Consello Social.

### *Sección 6ª. Doutras estruturas universitarias de docencia, investigación ou transferencia*

#### *Subsección 1º. Das escolas de especialización profesional*

#### *Artigo 82 Natureza e funcións*

A Universidade, no uso da súa autonomía, poderá crear escolas de especialización profesional, que estarán orientadas á formación e ao perfeccionamento profesional dos titulados e tituladas universitarios ou, de ser o caso, de estudantes de cursos avanzados das titulacións universitarias.

#### *Artigo 83 Tipoloxía*

1. As escolas de especialización profesional poderán ser:
- a) Propias da Universidade de Santiago de Compostela.
  - b) Interuniversitarias.
  - c) Mixtas.
  - d) Creadas en colaboración con organismos públicos ou privados.

2. As ensinanzas das escolas de especialización profesional serán impartidas por profesorado da Universidade de Santiago de Compostela, así como por profesionais vinculados co seu ámbito de especialización.

#### *Artigo 84 Creación, modificación e supresión*

1. A creación, modificación ou supresión de escolas de especialización profesional propias da Universidade de Santiago de Compostela, o seu Regulamento de réxime interno e os criterios e condicións para o acceso aos estudos que se poden seguir nelas serán aprobados polo Consello de Goberno, oída, de ser o caso, a escola correspondente.

2. As restantes escolas de especialización profesional serán creadas a través do oportuno convenio, no que, en todo caso, se garantirá a participación da Universidade no seu goberno, actividade e resultados científicos e económicos, polo menos en proporción aos recursos materiais e investigadores cos que contribúa. Disporán dunha estrutura orgánica de múltiple dependencia das entidades colaboradoras e o seu Regulamento de réxime interno será ratificado polo Consello de Goberno.

#### *Subsección 2ª. Doutras estruturas especializadas*

##### *Artigo 85 Outras estruturas especializadas*

1. A Universidade, no uso da súa autonomía, poderá crear outras estruturas especializadas para o desenvolvemento dos seus fins institucionais. En concreto, poderá crear outras estruturas con fins de investigación e transferencia do coñecemento, divulgación, actividade docente non regrada e para a prestación de servizos.

2. A creación de estas estruturas corresponde ao Consello de Goberno, de acordo cos criterios aprobados polo Claustro e co informe favorable do Consello Social.

3. Os regulamentos de réxime interno de ditas estruturas establecerán os seus órganos de goberno.

#### *Sección 7ª. Dos hospitais universitarios e hospitais e centros asociados*

##### *Artigo 86 Natureza e funcións*

1. Os hospitais universitarios teñen como obxectivo fundamental o desenvolvemento, no máximo nivel científico-técnico, do labor asistencial e a realización das funcións docentes e investigadoras propias dos centros, centros universitarios de investigación, escolas de doutoramento e escolas de especialización profesional vinculados ás áreas das ciencias da saúde.

2. Os hospitais universitarios deberán garantir a impartición dos plans de estudos e programas docentes, conducentes á obtención dos títulos oficiais ou propios da Universidade, relacionados cos ámbitos sanitarios.

3. Os programas docentes desenvolvidos total ou parcialmente nos hospitais universitarios complementaranse cos propios da formación especializada, dirixidos aos profesionais das ciencias da saúde.

4. Terán a consideración de hospitais asociados as institucións sanitarias hospitalarias concertadas que non cumpran os requisitos establecidos pola lexislación vixente para seren hospitais universitarios.

5. Poderán ter a condición de centros asociados os centros de saúde da rede sanitaria pública adscritos ás áreas de xestión, hospitais universitarios ou hospitais asociados, sempre que a súa solicitude sexa aprobada polas autoridades sanitarias e universitarias correspondentes.

#### *Artigo 87 Creación, modificación e supresión*

1. A Universidade de Santiago de Compostela poderá establecer concertos coa Comunidade Autónoma, coa Administración do Estado e con calquera outro servizo sanitario público ou privado, para os efectos de impartir en hospitais universitarios e hospitais e centros asociados, ensinanzas clínicas a estudantes e posgraduados da Universidade, de acordo co establecido na lexislación vixente.

2. As funcións asistenciais dos hospitais universitarios estarán enmarcadas dentro da rede sanitaria pública e regularanse a través dun réxime de concerto acordado polas partes que a lei establece, no que se recoñecerán as peculiaridades propias dos hospitais universitarios.

3. No concerto, deberá preverse, entre outras cuestións:

a) a estrutura dos órganos de dirección.

b) o sistema de designación, polo Reitor, dos directores e directoras e dos subdirectores e subdirectoras e os representantes da Universidade na Comisión de Dirección.

c) as relacións dos profesionais das ciencias da saúde coa docencia universitaria.

4. Cando no Consello de Goberno se traten temas relacionados co concerto entre a Universidade de Santiago de Compostela e o Servizo Galego da Saúde, será convocado un representante deste.

#### *Artigo 88 Hospital Veterinario Universitario*

1. O Hospital Veterinario Universitario, radicado en Lugo, ten como obxectivos fundamentais:

a) O desenvolvemento do labor asistencial clínico veterinario, co fin de mellorar as funcións docentes e investigadoras propias dos centros, centros universitarios de investigación, escolas de doutoramento e escolas de especialización profesional vinculados ás áreas das ciencias da saúde.

b) A potenciación das actividades produtivas no sector primario, das que a preservación e recuperación da saúde animal constitúen unha parte destacada.

2. A xestión do Hospital Veterinario Universitario, co fin de acadar os seus obxectivos e fins, regularase polo correspondente convenio no que se recoñecerán as peculiaridades propias dos hospitais universitarios.

3. O convenio de xestión do Hospital Veterinario deberá prever, entre outras cuestións:

a) A estrutura dos órganos de dirección.



- b) O sistema de designación do director ou directora veterinaria, que deberá ser nomeado polo Reitor ou Reitora e deberá cumprir as condicións establecidas nos presentes Estatutos para desempeñar cargos unipersoais.
- c) As relacións do persoal facultativo coa docencia universitaria.
- d) Os procedementos de selección de persoal non facultativo, de xeito que se axusten aos principios de igualdade, mérito e capacidade.

### *Sección 8ª. Dos centros adscritos ou vinculados*

#### *Artigo 89 Centros docentes adscritos ou vinculados*

1. Son centros docentes adscritos á Universidade de Santiago de Compostela os que dependen de institucións públicas ou privadas que impartan ensinanzas conducentes á obtención de títulos universitarios de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional, coa autorización da Universidade e baixo o seu control. A adscrición destes centros á Universidade requirirá a previa celebración dun convenio coa universidade de que se trate. Tanto a súa adscrición como a súa desadscrición serán aprobadas pola Xunta de Galicia. A proposta elevarase polo Consello de Goberno, unha vez informado o Consello Social e coñecida a necesidade que xustifica a adscrición.

2. Tamén poderán vincularse á Universidade mediante o correspondente convenio para impartir títulos propios outros centros docentes que impartan ensinanzas de nivel educativo superior ou equivalente.

3. As relacións entre os centros adscritos ou vinculados e a Universidade regularanse por medio dun convenio de colaboración, aprobado polo Consello de Goberno e asinado entre o Reitor ou Reitora e o titular ou a titular do centro. Neste convenio incluíranse, polo menos, as seguintes previsións:

- a) Constitución e funcións do padroado que regulará o funcionamento do centro.
- b) Obrigas que asume o centro no establecemento e desenvolvemento do ensino e da investigación.
- c) Recursos materiais e persoais para o cumprimento dos seus fins.
- d) Previsión sobre o procedemento de ingreso do estudantado no centro e de fixación dos prezos da matrícula.
- e) Duración da adscrición ou vinculación.

4. Corresponderalle ao Reitor ou Reitora nomear, polo menos, dous vogais do padroado e o delegado ou delegada da Universidade no centro. Tamén é competencia do Reitor ou Reitora o nomeamento do director ou directora do centro, por proposta do padroado.

5. O control académico directo do centro exercerao o delegado ou delegada da Universidade que, sen prexuízo dos dereitos do titular do centro:

- a) Sancionará os criterios de valoración para o acceso do estudantado e as súas avaliacións, así como os criterios para a selección do profesorado, que deberán garantir os principios de igualdade, mérito e capacidade.
- b) Intervirá no proceso de selección do profesorado.

## CAPÍTULO III

### **Do sector público institucional da USC**

#### *Artigo 90 Tipoloxía de entes e réxime xurídico*

1. A Universidade de Santiago de Compostela, para a promoción e desenvolvemento dos seus fins, poderá participar e crear, por si soa ou en colaboración con outras entidades públicas ou privadas, e coa aprobación do Consello Social, fundacións do sector público ou outras persoas xurídicas de natureza pública, de acordo con o disposto na lexislación sobre o sector público que sexa aplicable, na Lei 2/2011, do 4 de marzo, de Economía Sostible, así como na Lei 14/2011, do 1 de xuño.

2. A dotación fundacional ou a achega ao capital social e calquera outras achegas ás entidades previstas no parágrafo anterior, que se realicen con cargo aos orzamentos da universidade, quedarán sometidas á normativa vixente nesta materia.

3. As entidades en cuxo capital ou fondo patrimonial equivalente teña participación maioritaria a Universidade quedan sometidas ao disposto neste capítulo.

4. As entidades instrumentais da Universidade de Santiago de Compostela están sometidas na súa actuación aos principios de legalidade, eficacia, eficiencia, estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira e de transparencia e rendición de contas da súa xestión.

#### *Artigo 91 Control de eficacia e supervisión*

1. As entidades instrumentais da Universidade de Santiago de Compostela estarán sometidas a un control de eficacia e supervisión continua por parte da Universidade.

2. O control de eficacia ten por obxecto avaliar o cumprimento dos obxectivos propios das actividades das entidades instrumentais e a adecuada utilización dos seus recursos.

3. A supervisión continua ten por obxecto verificar a subsistencia das circunstancias que xustificaron a creación das entidades, a súa sustentabilidade financeira así como o cumprimento dos fins polos que foron creadas e que a súa subsistencia é o medio máis idóneo para logralos.

#### *Artigo 92 Inventario*

As entidades públicas instrumentais creadas ou participadas pola Universidade de Santiago de Compostela deberán inscribirse no rexistro administrativo de entidades instrumentais da Universidade de Santiago de Compostela creado ao efecto por acordo do Consello de Goberno como instrumento de publicidade, transparencia e control.



### TÍTULO III

## Dos órganos de goberno, representación e participación social

### CAPÍTULO I

#### Disposicións xerais

Artigo 93 Órganos de goberno, participación social e representación

1. O goberno, participación e representación da Universidade de Santiago de Compostela recaerá en órganos colexiados e unipersoais.

2. Son órganos colexiados da Universidade de Santiago de Compostela:

- a) O Consello Social.
- b) O Claustro Universitario.
- c) O Consello de Goberno.
- d) O Consello do Estudantado.
- e) Os consellos de facultade e de escola.
- g) As comisións reitoras e as comisións científicas dos centros de investigación.
- h) O Consello de dirección da Escola de Doutoramento.
- k) Os demais órganos previstos nas normas reguladoras das demais estruturas de docencia e investigación e transferencia da Universidade.

3. Son órganos unipersoais da Universidade de Santiago de Compostela:

- a) O Reitor ou a Reitora.
- b) Os vicerreitores e as vicerreitoras.
- c) O Secretario ou Secretaria Xeral.
- d) O Xerente ou a Xerente.
- e) Os decanos e as decanas de facultade e os directores e as directoras de escola.
- f) Os directores e as directoras de centros de investigación e o Director ou Directora da Escola de Doutoramento.
- g) Os vicedecanos e as vicedecanas e os secretarios e as secretarias de facultade.
- h) Os subdirectores e as subdirectoras e os secretarios e as secretarias de escola.
- i) Os secretarios e as secretarias dos centros de investigación e da Escola de Doutoramento.
- k) Os demais órganos previstos nas normas reguladoras das demais estruturas de docencia, investigación e transferencia da Universidade.

*Artigo 94 Requisitos xerais dos titulares dos órganos unipersoais e dos membros dos órganos colexiados electivos*

1. Para o desempeño de órganos unipersoais electivos o persoal docente e investigador deberá ter dedicación a tempo completo, o estudantado deberá estar matriculado na modalidade de matrícula ordinaria e o persoal técnico, de xestión e de administración e servizos deberá ter dedicación a tempo completo.

2. Para ser titular de órganos unipersoais electivos de centros ou estruturas que non sexan propias da USC rexerá o disposto no convenio regulador.

### *Artigo 95 Réxime xurídico dos órganos colexiados*

1. Os órganos colexiados poderán constituírse, convocar e celebrar sesións e adoptar acordos de forma presencial e a distancia, de forma síncrona ou asíncrona.

2. A asistencia ás reunións dos órganos colexiados constitúe un dereito e un deber dos seus membros e débense prever as medidas que a favorezan.

### *Artigo 96 Elección*

1. As eleccións de membros de órganos colexiados serán convocadas pola comisión electoral central. Os membros elixidos dos órganos colexiados serano por sufraxio universal, libre, igual, directo e secreto dos seus respectivos colexios electorais.

2. Para a elección de representantes nos órganos colexiados ou para a elección de titulares de órganos unipersoais non se admitirá o voto delegado, pero o Regulamento electoral poderá admitir o voto anticipado.

3. O Consello de Goberno aprobará o Regulamento electoral xeral da Universidade, de acordo coas liñas xerais aprobadas polo Claustro, dentro do previsto nestes estatutos, e que deberá establecer polo menos:

a) A condición de electores e elixibles.

b) A determinación de subsectores dentro dos sectores I, II e III dos previstos no **artigo XX** e o número dos seus representantes, tendo en conta o seu peso numérico relativo dentro do correspondente sector.

c) As circunscricións electorais.

d) O número máximo de candidatos aos que se lles pode dar o voto para garantir a representación das minorías.

e) As normas que garantan a presenza equilibrada de homes e mulleres.

f) O procedemento xeral para a elección dos órganos previstos nestes Estatutos, incluído o procedemento de voto electrónico.

4. A resolución das reclamacións, impugnacións ou calquera outra cuestión que se suscite nos procesos electorais correspóndelle á comisión electoral central, presidida pola persoa titular da secretaría xeral ou persoa en que delegue, e integrada ademais por doce membros elixidos polo claustro universitario, de acordo coa súa composición. O Regulamento electoral xeral establecerá, de ser o caso, a composición e competencias doutras comisións electorais de ámbito inferior.

### *Artigo 97 Duración do mandato e cese*

1. A duración do mandato dos titulares de órganos unipersoais electivos será, en todos os casos, de seis anos improrrogables e non renovables.

2. Os cargos unipersoais electivos cesarán ao remate do seu mandato, por dimisión, por disolución do órgano colexiado que os elixiu e, agás no caso do Reitor ou Reitora, como consecuencia dunha moción de censura construtiva aprobada por maioría absoluta.

3. Os restantes cargos unipersoais serán nomeados e cesados segundo o disposto para cada un deles nestes estatutos.

4. No caso de cesamento o Reitor ou Reitora resolverá, con carácter xeral, a continuidade en funcións do anterior titular ata a elección da persoa que o substitúa.

### *Artigo 98 Incompatibilidades*

En ningún caso, se poderá exercer a titularidade de máis dun dos devanditos cargos nin a de calquera deles simultaneamente coa de órganos unipersoais de goberno doutra universidade ou do Consello Superior de Investigacións Científicas e dos seus centros respectivos, ou coa de representante sindical.

### *Artigo 99 Altos cargos*

1. Son altos cargos da Universidade o Reitor ou a Reitora, os vicerreitores e as vicerreitoras, o Secretario ou Secretaria xeral e o Xerente ou a Xerente.

2. A Universidade manterá un rexistro dos seus altos cargos, no que constarán as declaracións de intereses das persoas nomeadas para eles.

3. As persoas que ocupen a condición de alto cargo da Universidade non poderán:

a) Asumir como únicos responsables a docencia na aula dunha materia.

b) Gozar de licenzas ou permisos por tempo superior a dous meses, agás no caso dos permisos por motivos de conciliación da vida laboral e familiar e por razón de violencia de xénero.

c) Beneficiarse das bolsas ou axudas que conceda a propia Universidade.

d) Formalizar contratos, acordos ou convenios nos supostos en que exista conflito de intereses.

e) Percibir retribucións derivadas de contratos para a realización de traballos de carácter científico, tecnolóxico, humanístico ou artístico así como para actividades específicas de formación.

4. O Consello de Goberno é o órgano competente para regular o réxime do rexistro de intereses, así como os dereitos e obrigas dos altos cargos.

### *Artigo 100 Réxime de recursos*

1. As decisións dos órganos colexiados da Universidade adoptarán a forma de acordos e as dos órganos unipersoais, a de resolucións.

2. As resolucións do Reitor ou Reitora e os acordos do Consello Social, do Consello de Goberno e do Claustro Universitario esgotan a vía administrativa e son impugnables directamente perante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa. Respecto das resolucións que esgotan a vía administrativa, poderase substituír o recurso de reposición por outro procedemento de impugnación, reclamación, ou conciliación respectando o seu carácter potestativo para o interesado.

3. Os acordos dos restantes órganos colexiados serán susceptibles de recurso de alzada ante o Consello de Goberno. As resolucións dos órganos unipersoais serán susceptibles de recurso de alzada ante o Reitor ou Reitora.

## CAPÍTULO II

### Dos órganos de goberno xerais colexiados

#### *Sección 1ª. Do Consello Social*

##### *Artigo 101 Natureza*

1. O Consello Social é o órgano de participación e representación da sociedade na Universidade de Santiago de Compostela. Configúrase como un espazo de colaboración e rendición de contas no que se interrelacionan a Universidade, as institucións, as organizacións sociais e o tecido produtivo. A súa composición e funcionamento regúlase por lei da Comunidade Autónoma, que establece o estatuto dos seus membros.

2. Serán membros do Consello Social en representación da Universidade o Reitor ou Reitora, o Secretario Xeral ou a Secretaria Xeral e o Xerente ou a Xerente, así como un representante do persoal docente e investigador, outro do persoal técnico, de xestión e de administración e servizos, elixidos polo Consello de Goberno de entre os seus membros por maioría absoluta e de xeito que se garanta a representación dos campus de Santiago e Lugo, e un representante do Consello do Estudantado, elixido polo Consello, por maioría absoluta, todos eles con voz e voto.

3. Os membros do Consello Social elixidos polo Consello de Goberno deberán reunir os requisitos esixidos nestes estatutos para seren titulares de órganos unipersoais.

4. O Consello Social reunirse en sesión conxunta co Consello de Goberno para o seguimento do plan trienal de actuacións dirixido ao fomento das interrelacións e cooperación entre a USC, os seus antigos estudantes e o seu entorno cultural, profesional, científico, empresarial, social e territorial así como o seu desenvolvemento institucional e, no seu caso, establecer as modificacións necesarias. As sesións realizaranse cunha periodicidade semestral.

#### *Sección 2ª. Do Claustro Universitario*

##### *Artigo 102 Natureza*

O Claustro Universitario é o máximo órgano de representación e participación da comunidade universitaria.

##### *Artigo 103 Composición*

O Claustro Universitario estará composto por:

- a) O Reitor ou a Reitora, que o presidirá.
- b) O Secretario Xeral ou a Secretaria Xeral, que o será tamén do Claustro.
- c) O Xerente ou a Xerente.

d) 300 representantes dos diversos sectores da comunidade universitaria, elixidos mediante sufraxio universal, libre, igual, directo e secreto, coa seguinte composición numérica dos sectores que se indican:

- Sector I: XX por cento de persoal dos corpos docentes universitarios funcionarios e profesores permanentes laborais.

- Sector II: XX por cento das restantes categorías de persoal docente e investigador non permanente e persoal investigador.

- Sector III: XX por cento de estudantado matriculado en titulacións oficiais.

- Sector IV: XX por cento de persoal técnico, de xestión e de administración e servizos.

3. O colexio electoral do sector II estará formado polas seguintes categorías:

a) Profesorado axudante doutor.

b) Profesorado asociado.

c) Profesorado emérito.

d) Profesorado substituto.

e) Persoal de investigación contratado consonte as modalidades contractuais previstas na normativa aplicable ás universidades públicas.

d) Aqueloutras persoas contratadas pola Universidade de Santiago de Compostela mediante concurso público que realicen labores docentes ou investigadores e que cumpran os requisitos, entre outros os de permanencia e dedicación, que estableza o Regulamento electoral xeral da Universidade.

4. O colexio electoral do sector III estará formado por todo o estudantado da Universidade de Santiago de Compostela matriculado en titulacións oficiais de grao, máster, doutoramento que cumpra as condicións que estipule o regulamento electoral xeral da Universidade.

5. O colexio electoral do sector IV estará integrado polo persoal técnico, de xestión e de administración e servizos retribuído con cargo ao capítulo I das normas orzamentarias que cumpra as condicións que estipule o regulamento electoral xeral da Universidade. Tamén formará parte deste sector o persoal directivo.

6. Os vicerreitores e as vicerreitoras que non sexan membros do Claustro Universitario poderán asistir ás súas sesións con voz pero sen voto.

#### *Artigo 104 Competencias*

1. Son competencias do Claustro Universitario as seguintes:

a) A elaboración e aprobación dos Estatutos, así como a súa modificación.

b) A elaboración e aprobación do regulamento xeral de centros e estruturas.

c) A remoción do Reitor ou Reitora, mediante a convocatoria de eleccións extraordinarias, de acordo co disposto no artigo XX

d) A elección de membros do Consello de Goberno na súa representación, por e entre os propios membros do sector representado.

e) A elaboración, aprobación e modificación do seu Regulamento de réxime interno, que deberá ser aprobado por maioría, contando polo menos co voto favorable dun terzo dos membros do Claustro.

f) A elección e, de ser o caso, revogación do Valedor ou Valedora da comunidade universitaria, a aprobación do seu Estatuto e o debate do seu informe anual.

g) A aprobación do Estatuto do estudantado da Universidade de Santiago de Compostela.

h) A deliberación sobre o informe anual do Reitor ou Reitora.

i) A aprobación das liñas xerais dos orzamentos.

k) A expresión da opinión da comunidade universitaria e a formulación de recomendacións, propostas e declaracións institucionais, así como o debate dos asuntos que lle sexan formulados polo Reitor ou Reitora ou polo Consello de Goberno. Cando estas propostas poidan ter un carácter normativo elevaranse ao Consello de Goberno.

l) A recepción de información sobre o funcionamento e obxectivos da Universidade, para o cal poderá solicitar a comparecencia dos titulares dos órganos de goberno e representación e dos membros da comunidade universitaria.

m) O control da xestión dos órganos de goberno da Universidade, mediante a formulación de preguntas e interpelacións.

n) A elección da comisión que valorará as reclamacións contra as propostas das comisións dos concursos de acceso á condición de profesorado funcionario, así como de profesorado permanente laboral.

o) O resto de competencias que lle atribúan estes Estatutos.

2. O Claustro Universitario poderá traballar en pleno ou en comisións.

3. O Pleno do Claustro Universitario deberá reunirse, con carácter ordinario, polo menos dúas veces ao ano durante o período lectivo e, con carácter extraordinario, de acordo co que dispoña o seu Regulamento de réxime interno.

#### *Artigo 105 Procedemento de elección dos seus membros*

1. O Claustro será elixido cada seis anos. A representación do estudantado de todos os ciclos e modalidades renovarase cada dous anos.

2. O Claustro quedará disolto cando se aprobe a convocatoria extraordinaria de eleccións a Reitor/a por maioría de dous terzos, logo da iniciativa dun terzo dos seus membros, que inclúa, como menos, un 30% de persoal dos corpos docentes universitarios funcionarios e profesorado permanente laboral.

3. A condición de membro do Claustro perderase:

a) Polo cesamento da vinculación coa Universidade de Santiago de Compostela.

b) Por deixar de pertencer ao sector da comunidade universitaria polo que foi elixido.

c) Polo incumprimento reiterado dos seus deberes como claustral, nos termos previstos no seu regulamento.

### *Sección 3ª. Do Consello de Goberno*

#### *Artigo 106 Natureza*

O Consello de Goberno é o máximo órgano de goberno da Universidade.

#### *Artigo 107 Composición*

1. O Consello de Goberno estará integrado por:



a) O Reitor ou Reitora, que o preside e que poderá delegar a presidencia nun vicerreitor ou vicerreitora.

b) O Secretario ou Secretaria Xeral, a quen lle corresponde a secretaría do órgano.

c) O Xerente ou a Xerente.

d) Os vicerreitores e vicerreitoras.

e) **XXX** membros da comunidade universitaria, que se distribuirán da seguinte maneira:

- **XX** representantes do Claustro Universitario, elixidos polo sector correspondente de entre os seus membros, garantindo en cada sector a representación dos campus de Santiago e Lugo, coa seguinte composición:

**XX** membros dos corpos docentes universitarios e profesorado permanente laboral.

**XX** membros do restante persoal docente e investigador.

**XX** estudantes.

**XX** membros do persoal técnico, de xestión e de administración e servizos.

**XX** decanos e decanas e directores e directoras de escola, dos cales polo menos dous pertencerán ao Campus de Lugo, de forma rotatoria por períodos dun ano, de xeito que ningún decano ou decana ou director ou directora de escola poderá asumir novamente a representación mentres non a asumisen todos os decanatos e direccións de escola restantes, consonte o procedemento que estableza o Regulamento de réxime interno do Consello de Goberno.

**XX** representantes dos directores e directoras dos centros de investigación, dos directores de escola de doutoramento e doutras estruturas universitarias de investigación.

f) **XX** representantes do Consello Social non pertencentes á comunidade universitaria.

2. En todo caso, un terzo do Consello de Goberno será elixido polo Reitor ou Reitora, incluíndose neste cupo os membros natos.

3. O Consello de Goberno poderá traballar en pleno ou en comisións.

4. O Consello de Goberno celebrará, polo menos, unha sesión plenaria con carácter ordinario cada trimestre.

#### *Artigo 108 Competencias*

Son competencias do Consello de Goberno:

a) Promover e aprobar os plans estratéxicos da Universidade a proposta do Equipo de Goberno.

b) Fixar as directrices fundamentais e os procedementos de aplicación de todas as políticas da universidade.

c) Propoñer ao Consello Social para a súa aprobación o Plan Plurianual de Financiamento.

d) Aprobar a oferta e a programación docente da universidade.

e) Aprobar as convocatorias de prazas e a relación de postos de traballo, e a súa modificación, do persoal docente e investigador e do persoal técnico, de xestión e de



administración e servizos, que deberán ser finalmente aprobadas pola Comunidade Autónoma.

f) Propoñer ao Consello Social para a súa aprobación os orzamentos da Universidade e dos entes dependentes, e as contas anuais da Universidade.

g) Aprobar os convenios de adscrición á Universidade de centros de educación superior públicos e privados.

h) Aprobar os convenios de colaboración e cooperación académica e de investigación subscritos entre a Universidade e outras universidades nacionais ou estranxeiras, así como con outras institucións, organismos, entidades ou empresas con fins académicos ou de investigación, salvo que dita facultade sexa atribuída a outros órganos estatutarios a través de mecanismos internos de distribución de competencias.

i) Definir e aprobar plans de captación, estabilización e promoción do persoal docente e investigador.

k) Definir e impulsar, en coordinación coa unidade de igualdade, un plan de igualdade de xénero do conxunto da comunidade universitaria.

l) Aprobar o Plan de Igualdade negociado coa representación da universidade e a representación legal dos e as traballadoras, que conterá polo menos as materias recollidas no artigo 46.2 da Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo.

m) Definir e impulsar, en coordinación coa unidade de diversidade, un Plan de Inclusión e Non Discriminación do conxunto do persoal e sectores da Universidade por motivos de discapacidade, orixe étnica e nacional, orientación sexual e identidade de xénero, e por calquera outra condición social ou persoal, elaborar protocolos e desenvolver medidas de prevención e resposta fronte á violencia, o acoso laboral ou a discriminación.

n) Definir e impulsar unha Estratexia de Mitigación do Cambio Climático que inclúa plans de eficiencia enerxética e substitución a enerxías renovables, de alimentación sostible e de proximidade, e de mobilidade.

ñ) Aprobar a normativa de funcionamento da inspección de servizos e os procedementos de rendición de contas anuais da mesma.

o) Desenvolver calquera outra función de goberno da Universidade que establezan estes Estatutos ou a lexislación de aplicación ás universidades públicas.

#### *Artigo 109 Procedemento de elección dos seus membros*

O Consello de Goberno será elixido cada seis anos. A representación do estudantado de todos os ciclos e modalidades renovarase cada dous anos.

### CAPÍTULO III

#### **Dos órganos de goberno xerais unipersoais**

##### *Sección 1ª. Do Reitor ou Reitora*

#### *Artigo 110 Natureza*

O Reitor ou Reitora é a máxima autoridade académica da Universidade. Exerce a dirección, goberno e xestión da Universidade e ostenta a representación da USC ante

outras universidades, organismos, institucións e administracións públicas ou entidades sociais e empresariais.

### *Artigo 111 Competencias*

Son competencias do Reitor ou Reitora:

- a) A representación da Universidade e a súa dirección global.
- b) Impulsar os eixos da política universitaria e definir as directrices da planificación estratéxica da universidade.
- c) Coordina as políticas do Equipo de Goberno da Universidade e nomea e cesa aos seus membros .
- d) A decisión da interposición de recursos administrativos e o exercicio de accións xudiciais, dándolle conta previa, sempre que sexa posible, ao Consello de Goberno, así como a representación xudicial e administrativa da Universidade en toda clase de actos ou negocios xurídicos, podendo outorgar mandatos para o exercicio desta representación.
- e) A presidencia dos actos universitarios aos que conorra, sen prexuízo do que dispón a normativa estatal e, de ser o caso, autonómica, sobre precedencias.
- f) A convocatoria e a presidencia das sesións do Claustro Universitario e do Consello de Goberno.
- g) Desenvolve as liñas de actuación aprobadas polos órganos colexiados correspondentes e executa os seus acordos, especialmente no referente á programación e desenvolvemento da docencia, á investigación, á transferencia e intercambio do coñecemento e innovación, á xestión dos recursos económicos e do persoal, á internacionalización, á cultura e promoción universitarias e ás relacións institucionais.
- h) A vixilancia do cumprimento da legalidade en todas as actuacións da Universidade.
- i) A sinatura de convenios en nome da Universidade.
- j) A determinación do número, denominación e competencias dos vicerreitores e das vicerreitoras e dos adxuntos e adxuntas aos vicerreitores, así como o seu nomeamento, e o nomeamento do Secretario ou Secretaria Xeral e do Xerente ou da Xerente.
- k) O nomeamento dos titulares dos órganos unipersoais de goberno.
- l) O nomeamento do persoal funcionario e a sinatura dos contratos do persoal laboral.
- m) A expedición dos títulos e diplomas de carácter oficial ou propios outorgados pola Universidade.
- n) A adopción respecto do persoal docente e investigador, persoal investigador e persoal técnico de xestión, de administración e servizos das decisións relativas a situacións administrativas e réxime disciplinario, con excepción da separación do servizo.
- o) Calquera outra función que lle atribúan a lexislación universitaria e os presentes Estatutos e, en xeral, aquelas funcións que non estean expresamente atribuídas a outros órganos da Universidade.

### *Artigo 112 Elección*

1. O Reitor ou Reitora será elixido ou elixida mediante elección directa por sufraxio universal ponderado por todos os membros da comunidade universitaria entre persoal docente e investigador permanente doutor a tempo completo que preste servizos na universidade e que reúna os seguintes requisitos:
  - a. Tres sexenios de investigación.
  - b. Tres quinquenios de docencia
  - c. Catro anos de experiencia de xestión en cargos unipersoais.
2. O Reitor ou a Reitora será nomeado ou nomeada polo órgano correspondente da Xunta de Galicia.
3. O voto para a elección de Reitor ou Reitora ponderarase polos sectores da comunidade universitaria previstos para o Claustro, de xeito que se lle atribuirá a cada un deles a mesma porcentaxe de representación que teñen no Claustro.
4. En cada proceso electoral, a Comisión Electoral Central determinará, tras o escrutinio dos votos, os coeficientes de ponderación que corresponderá aplicar ao voto a candidaturas.

### *Artigo 113 Cese*

Ademais das causas previstas con carácter xeral para os órganos unipersoais, o Reitor ou a Reitora cesará cando o Claustro acorde, con carácter extraordinario, a convocatoria de eleccións consonte o procedemento establecido polo seu Regulamento de réxime interno. Este acordo deberá contar coa aprobación de dous terzos dos compoñentes do Claustro, tras a iniciativa dun terzo, que inclúa, polo menos, un 30% do persoal dos corpos docentes universitarios funcionarios e profesores permanentes laborais

### *Artigo 114 Duración do mandato*

A duración do mandato do Reitor ou da Reitora será de seis anos improrrogables e non renovables.

### *Artigo 115 Substitución*

No caso de ausencia ou enfermidade do Reitor ou Reitora, asumirá as súas funcións o vicerreitor ou a vicerreitora que designe. De estar imposibilitado para designar substituto, así como cando quedase vacante o posto, corresponderalle ao Consello de Goberno, presidido para o efecto polo vicerreitor ou vicerreitora máis antigo, a elección do vicerreitor ou vicerreitora encargado de exercer as funcións, sen prexuízo de abrir, de ser o caso, o procedemento de elección dun novo Reitor ou Reitora.

### *Artigo 116 Equipo de Goberno*

1. O Equipo de Goberno é o órgano colexiado ao que lle corresponde asesorar ao Reitor ou Reitora sobre asuntos de especial importancia ou interese para a Universidade de Santiago de Compostela. As reunións do Equipo de Goberno terán carácter deliberante.

2. Son membros do Equipo de Goberno o Reitor ou Reitora, ao que corresponde a súa presidencia, os vicerreitores e vicerreitoras, o Secretario ou Secretaria Xeral e o Xerente ou a Xerente.

Actuará como secretario do Equipo de Goberno, o Secretario ou Secretaria Xeral da Universidade, que será substituído, en caso de vacante, ausencia ou enfermidade, polo membro do Equipo de Goberno que determine o presidente.

4. As reunións do Equipo de Goberno celebraranse alo menos cunha periodicidade quincenal, previa convocatoria do seu presidente.

Para a válida constitución do Equipo de Goberno é preciso que estean presentes o Reitor/a, o Secretario ou Secretaria Xeral, ou no seu caso, quen o substitúa, e a metade dos membros restantes.

5. As deliberacións do Equipo de Goberno serán segredas.

6. Ás reunións do equipo de goberno poderán asistir, con voz e sen voto, outros cargos académicos ou de xestión da Universidade de Santiago, cando sexan convocados polo Reitor/a. Os asistentes deberán manter o segredo das deliberacións.

7. Das sesións do Equipo de Goberno levantarase acta, na que figurarán, exclusivamente, as circunstancias relativas ao tempo e lugar da súa celebración, a relación dos asistentes, os acordos que, no seu caso, se adopten e os informes que, no seu caso, se presenten.

#### *Artigo 117 Gabinete do Reitor ou da Reitora*

1. O Gabinete do Reitor ou Reitora é unha unidade de apoio político e técnico. Os seus membros realizan tarefas de confianza e asesoramento especial sen que, en ningún caso, poidan ditar actos ou resolucións que correspondan legalmente aos órganos de goberno e administración da Universidade, sen prexuízo da súa posible asistencia ou pertenza a outros órganos colexiados con competencia para adoptar decisións administrativas.

2. Os membros do Gabinete serán nomeados e cesados por resolución reitoral. O seu cese producirase, en todo caso, cando cese o Reitor ou Reitora. Do seu nomeamento informarase ao Consello de Goberno.

3. Os funcionarios que se incorporen ao Gabinete pasarán á situación administrativa de servizos especiais.

4. O Director ou Directora e os demais membros do Gabinete terán o nivel orgánico e retribucións que se determine na relación de postos de traballo.

5. Corresponde ao Gabinete do Reitor ou Reitora a realización das tarefas de asistencia, asesoramento e informe ou estudo que lle sexan encomendadas polo Reitor ou Reitora. O persoal asesor previsto neste artigo en ningún caso poderá adoptar actos ou resolucións que lles correspondan legalmente aos órganos de goberno e de administración da Universidade. As funcións propiamente técnico-administrativas reservaranse sempre ao persoal técnico, de xestión e de administración e servizos.

#### *Artigo 118 Delegados ou delegadas do Reitor ou Reitora*

1. Corresponde aos delegados e delegadas do Reitor ou Reitora promover e desenvolver aquelas políticas de carácter transversal que sexan competencia do Reitor ou Reitora.

2. Este cargo será desempeñado por persoal da comunidade universitaria que cumpra os requisitos establecidos para o desempeño de órganos unipersoais nestes Estatutos e na normativa que, no seu desenvolvemento, aprrobe o Consello de Goberno.

## *Sección 2ª. Dos vicerreitores ou vicerreitoras*

### *Artigo 119 Nomeamento e cese*

1. As persoas titulares das vicerreitorías serán nomeadas polo Reitor ou Reitora, nun número máximo de nove, entre o persoal funcionario dos corpos docentes universitarios e o profesorado permanente laboral que prestan servizos na Universidade de Santiago de Compostela.

2. Os vicerreitores e vicerreitoras cesarán no seu cargo por dimisión ou por decisión do Reitor ou Reitora.

### *Artigo 120 Competencias*

Corresponde aos vicerreitores e vicerreitoras coordinar e dirixir o desenvolvemento das políticas universitarias pertencentes ao ámbito de competencia que o Reitor ou Reitora lles delegue.

### *Artigo 121 Persoal asesor*

1. Os vicerreitores e vicerreitoras poderán contar con persoal asesor que realizará tarefas de confianza e asesoramento especial, nomeado polo Reitor ou Reitora de entre os membros da comunidade universitaria. Destes nomeamentos informarase ao Consello de Goberno.

2. No caso de que este persoal pertenza ao persoal docente e investigador contará coa correspondente redución docente e no caso de que forme parte do persoal técnico, de xestión e de administración e servizos desempeñará as súas funcións con dedicación exclusiva.

## *Sección 3ª. Do Secretario ou Secretaria Xeral*

### *Artigo 122 Nomeamento e cese*

1. A persoa titular da Secretaría Xeral será nomeada de entre o persoal docente e investigador funcionario doutor ou o persoal técnico, de xestión e de administración e servizos funcionario con titulación universitaria que preste servizos na Universidade.

Encargarase de dar fe de todos os actos e acordos dos órganos colexiados de representación, goberno e administración xeral, agás os do Consello Social.

2. A persoa titular da Secretaría Xeral cesa no seu cargo por dimisión ou por decisión do Reitor ou Reitora.

### *Artigo 123 Competencias*

Son competencias da secretaría xeral:

- a) Presidir a Comisión Electoral.
- b) A formación e a custodia das actas dos órganos xerais de representación e goberno da Universidade, agás o Consello Social.
- c) A expedición de certificacións do contido das actas mencionadas na alínea anterior e da demais documentación oficial da Universidade.
- d) A recepción e a custodia das actas de cualificación dos estudantes.

- e) A conservación, ordenación e xestión da parte administrativa do Arquivo Universitario e a custodia do selo oficial da Universidade.
- f) A difusión e publicidade dos acordos tomados polos órganos da Universidade.
- g) A coordinación da Asesoría Xurídica da Universidade.
- h) As restantes funcións que lle atribúan a lexislación vixente, estes Estatutos e os regulamentos da Universidade, así como aquelas outras que o Reitor ou Reitora lle delegue.

#### *Sección 4ª. O Xerente ou a Xerente*

##### *Artigo 124 Nomeamento e cese*

1. A persoa titular da xerencia será nomeada polo Reitor ou Reitora, de acordo co Consello Social, atendendo a criterios de competencia profesional e experiencia na xestión, e terá como función, baixo a dependencia deste, a xestión dos servizos administrativos e económicos da universidade e de recursos humanos. Do nomeamento do Xerente ou da Xerente será informado o Claustro Universitario.

2. A persoa titular da xerencia cesará no seu cargo por dimisión ou por decisión do Reitor ou Reitora. En ambos casos, serán informados o Consello Social e o Claustro Universitario.

3. O cargo de xerente será incompatible, unha vez asumido, co exercicio de funcións docentes e investigadoras ou calquera outra actividade pública ou privada. Poderá estar vinculado á Universidade como funcionario, no caso de ter esa condición, ou como persoal contratado en réxime laboral baixo a modalidade de alta dirección.

##### *Artigo 125 Competencias*

Correspóndelle ao Xerente ou á Xerente exercer as seguintes competencias:

- a) Dirixir e coordinar os servizos económicos e administrativos da Universidade.
- b) Coordinar a administración dos demais servizos da Universidade establecidos consonte o previsto por estes Estatutos, para facilitar o seu correcto funcionamento e o exercicio polos órganos de goberno das súas competencias.
- c) Asumir, de ser o caso, por delegación do Reitor ou Reitora, a xefatura do persoal técnico, de xestión e administración e servizos e elaborar a proposta da súa relación de postos de traballo, consonte o establecido nestes Estatutos.
- d) Calquera outra que se prevexa nestes Estatutos ou nas súas normas de desenvolvemento regulamentario, así como as que o Reitor ou a Reitora lle delegue.



## CAPÍTULO IV

### Do órganos de goberno das facultades e escolas

#### *Sección 1ª. Do consello de facultade e do consello de escola*

##### *Artigo 126 Natureza*

O consello de facultade ou o consello de escola é o órgano colexiado de goberno do centro, aproba as liñas xerais de actuación no ámbito da facultade ou escola e supervisa o labor dos seus órganos de dirección e xestión.

##### *Artigo 127 Composición*

1. O consello de facultade ou o consello de escola estará composto por:

- O decano ou decana ou o director ou directora, que o convocará e presidirá.
- Os vicedecanos e vicedecanas ou os subdirectores e subdirectoradas.
- O secretario ou secretaria, que o será tamén do consello de facultade.
- O responsable o a responsable da unidade de apoio á xestión de centros .
- O director ou directora da biblioteca do centro ou da correspondente biblioteca intercentros, se así o establece o Regulamento de réxime interno do centro.

f) O seguinte persoal docente e investigador e persoal investigador en formación con docencia no centro e censado nel, así como o non censado que teña neste un encargo docente igual ou superior ao 35% da capacidade docente dun profesor a tempo completo:

- Todo o profesorado pertencente aos corpos docentes universitarios e profesorado permanente laboral da Universidade, que representará o XX%.

- O resto, sempre que non exceda do XX% do total do consello.

g) Unha representación do estudiantado do XX%.

h) Unha representación do persoal técnico, de xestión e de administración e servizos censado no centro, nunha proporción do X% do total do consello, cun mínimo de dous.

2. O regulamento de réxime interno de cada centro, de ser o caso, determinará o número de subsectores e a representación de cada un, respectando en todo caso os seguintes límites:

a) O persoal docente e investigador a tempo parcial non poderá representar máis do 5%.

b) O estudiantado de grao non poderá representar menos do 20% e garantirase a representación do estudiantado de máster e doutoramento cando proceda.

3. O persoal docente e investigador e o estudiantado estarán censados soamente nun centro desta Universidade, nas condicións que estableza o Consello de Goberno.

##### *Artigo 128 Competencias*

1. Son competencias do consello de facultade ou consello de escola:

a) A elección do decano ou decana ou director ou directora e, de ser o caso, a súa remoción mediante unha moción de censura construtiva que, en todo caso, deberá



ser aprobada pola maioría absoluta dos membros do consello de facultade ou consello de escola.

b) A elaboración e a aprobación do seu Regulamento de réxime interno.

c) A supervisión da xestión dos restantes órganos de goberno e de administración do centro.

d) A elaboración e a aprobación dos proxectos de plans de estudos das titulacións adscritas ao centro, consonte a lexislación vixente e ás normas xerais emanadas do Claustro Universitario.

e) A aprobación das liñas xerais da política académica do centro e, entre elas, a proposta e implantación de novas titulacións oficiais, de creación de escolas de especialización profesional dependentes do centro e de organización das ensinanzas conducentes á obtención doutros diplomas e títulos.

f) A organización dos servizos docentes para a obtención dos títulos académicos do seu ámbito, así como a coordinación e a supervisión da actividade docente do profesorado con docencia no centro, e igualmente a supervisión do seu cumprimento.

g) A programación dos espazos, servizos e equipamentos do centro e a supervisión da súa xestión.

h) A distribución das asignacións orzamentarias concedidas ao centro e o control da súa aplicación.

j) A organización de actividades de formación permanente e de extensión.

k) A manifestación da súa opinión verbo de calquera asunto relacionado co centro ou coas súas actividades.

l) Calquera outra competencia que lle atribúan estes Estatutos ou lle encomende un órgano competente ou a lexislación vixente.

2. O consello de facultade ou consello de escola elaborará un regulamento de réxime interno, no que se determinarán os distintos aspectos do seu funcionamento.

3. O regulamento poderá establecer a creación dunha comisión permanente e de comisións delegadas da consello de facultade ou o consello de escola, e determinará a súa composición, funcións e competencias.

4. O consello de facultade ou consello de escola reunirse, con carácter ordinario, polo menos tres veces durante o curso académico en período lectivo e, con carácter extraordinario, tal como se dispoña no seu regulamento de réxime interno.

#### *Artigo 129 Procedemento de elección dos seus membros*

Todos os representantes elixidos serano por dous anos, agás os estudantes, que o serán por un ano. A condición de membro do consello perderase ao cesar a vinculación co centro ou ao deixar de cumprir os requisitos demandados ao sector polo que se foi elixido.

*Sección 2ª. Dos órganos de goberno unipersoais*  
*Subsección 1ª. Do decano ou decana e do director ou directora*

*Artigo 130 Competencias*

1. O decano ou decana ou o director ou directora representa a facultade ou escola, exerce a súa dirección e a xestión ordinaria, preside e coordina a actuación dos seus órganos colexiados e executa os seus acordos.

2. Son competencias do decano ou decana e do director ou directora:

- a) A representación da facultade ou escola.
- b) A presidencia das reunións do consello de facultade ou de escola e a de calquera outro órgano colexiado delas, así como a execución dos seus acordos.
- c) A vixilancia do cumprimento da legalidade en todas as actuacións da facultade ou escola.
- d) A dirección académica de todas as titulacións oficiais adscritas ao centro.
- e) A dirección económica das actividades organizadas polo centro.
- f) A designación dos membros do equipo de dirección da facultade ou escola e a dun secretario do centro.
- g) A vixilancia do respecto dos dereitos e do cumprimento dos deberes de todos os membros da comunidade universitaria que desenvolven o seu labor no centro.
- h) O control do cumprimento das obrigas docentes e discentes.
- i) O control do axeitado mantemento do patrimonio do centro.
- j) O exercicio das restantes funcións que se deriven do seu cargo, así como aquelas outras que lle sinalen estes Estatutos ou a lexislación universitaria.

3. As competencias do decano ou decana ou director ou directora estenderanse a todos os asuntos concernentes ao goberno e á administración das facultades ou escolas que non estean atribuídos a outros órganos.

*Artigo 131 Elección*

1. O decano ou decana da facultade ou o director ou directora de escola será nomeado polo Reitor ou Reitora tras ser elixido mediante elección directa por sufraxio universal polo consello de facultade ou o consello de escola entre o persoal dos corpos docentes universitarios funcionarios ou profesorado permanente laboral da universidade censado no centro.

2. Se non puidera levarse a cabo a elección por falta de persoas candidatas que reúnan os requisitos exixidos, o Consello de Goberno, tras a proposta do Reitor ou Reitora, encargarlle provisoriamente as funcións de decano ou decana ou director ou directora a un membro do persoal dos corpos docentes universitarios funcionarios ou profesorado permanente laboral da Universidade censado no centro. Rematado o curso académico, convocaranse novas eleccións.

*Artigo 132 Substitución*

O decano ou decana de facultade ou o director ou directora de escola será substituído en caso de ausencia ou enfermidade polo vicedecano ou vicedecana. De existiren varios vicedecanos e vicedecanas ou subdirectores e subdirectoradas, o decano ou decana ou o director ou directora designará a quen deba substituílo, en caso de ausencia ou enfermidade.

### *Artigo 133 Cese*

O decano ou decana da facultade ou o director ou directora de escola cesará no seu cargo ao final do seu mandato, por dimisión, por disolución do órgano colexiado que o elixiu ou como consecuencia dunha moción de censura construtiva aprobada por maioría absoluta do consello de facultade ou consello de escola.

## *Subsección 2ª. Dos vicedecanos ou vicedecanas e dos subdirectores ou subdirectoras*

### *Artigo 134 Nomeamento*

Os vicedecanos e vicedecanas ou os subdirectores e subdirectoras serán nomeados polo Reitor ou Reitora, a proposta do decano ou decana ou director ou directora, de entre o persoal docente e investigador censado na facultade ou escola que reúna os requisitos establecidos para ser titular de órganos unipersoais.

### *Artigo 135 Competencias*

É labor dos vicedecanos e vicedecanas ou subdirectores e subdirectoras coordinaren ou dirixiren, baixo a autoridade do decano ou decana ou director ou directora, a área ou áreas de competencias que este lles encomende, sen prexuízo de que as funcións técnico-administrativas correspondan ao persoal técnico, de xestión e de administración e servizos. De existiren varios vicedecanos e vicedecanas ou subdirectores e subdirectoras, o decano ou decana ou o director ou directora designará quen ten que substituílo, en caso de ausencia ou enfermidade.

### *Artigo 136 Cese*

Os vicedecanos ou vicedecanas ou os subdirectores ou subdirectoras cesarán no seu cargo por decisión do Reitor ou Reitora tras a proposta do decano ou decana ou do director ou directora ou por petición propia.

## *Subsección 3ª. Do secretario ou secretaria*

### *Artigo 137 Nomeamento*

O secretario ou secretaria da facultade ou da escola será nomeado polo Reitor ou Reitora, a proposta do decano ou decana ou do director ou directora de entre o persoal docente e investigador e os funcionarios dos subgrupos A1 e A2 censados no centro que cumpran os requisitos para ser titulares de órganos unipersoais.

### *Artigo 138 Competencias*

Ao secretario ou secretaria de facultade ou escola corresponde dar fe dos actos e acordos dos órganos de goberno, representación e administración do consello de facultade e, como tal, ten encomendada a custodia das actas e a expedición das certificacións, dos acordos e de todos os actos ou feitos que consten nos documentos oficiais do centro. Ademais, exercerá aquelas outras funcións que lle encomenden ao decano ou decana ou ao director ou directora, a lexislación vixente e estes Estatutos.

### *Artigo 139 Cese*

O secretario ou secretaria da facultade ou da escola cesará por decisión do Reitor ou Reitora tras a proposta do decano ou decana ou do director ou directora, ou a petición propia.

## CAPÍTULO V

### **Dos órganos de goberno dos centros de investigación**

#### *Sección 1ª. Dos órganos de goberno colexiados*

##### *Subsección 1ª. Da comisión reitora*

#### *Artigo 140 Composición*

1. A comisión reitora é o órgano superior de goberno dos centros de investigación da que formarán parte, necesariamente:

- a) O Reitor ou Reitora da Universidade ou a persoa en quen delegue, que a presidirá.
- b) Os vicerreitores ou vicerreitoras con competencias en materia de investigación da USC, ou persoas en quen deleguen.
- c) O Xerente ou a Xerente ou persoa en quen delegue.
- d) Un ou unha vogal en representación do Consello de Goberno da USC, nomeado polo Reitor ou Reitora.
- e) O director ou directora científica do centro.

2. Actuará como secretario, con voz pero sen voto, un funcionario ou funcionaria de carreira, persoal técnico, de xestión e de administración e servizos adscrito ao centro de investigación, nomeado como tal polo Reitor ou Reitora a proposta da dirección do centro.

#### *Artigo 141 Competencias*

Son competencias da comisión reitora dos centros de investigación:

- a) A aprobación do programa xeral de actividades e do Plan Estratéxico e as súas modificacións.
- b) A aprobación da proposta de orzamento de ingresos e gastos, así como a liquidación do mesmo, que acompañado da memoria de actuación, trasladará anualmente ao Consello de Goberno da USC.
- c) A proposición de cantos convenios sexan precisos para o cumprimento dos seus fins, conforme ao procedemento establecido na USC.
- d) O artellamento de programas que reciban achegas do sector público comunitario, estatal, autonómico ou local, e dos sectores privados, universitarios ou organizacións internacionais.
- e) Propor ao Consello de Goberno da USC a incorporación doutras entidades públicas ou privadas á comisión reitora.
- f) Propor ao Consello de Goberno da USC a aprobación do seu regulamento de réxime interno e da súa modificación.

- g) Propor ao Reitor ou Reitora o nomeamento e cese do director ou directora científica e establecer os mecanismos para a súa selección.
- h) Aprobar, a proposta do director ou directora a científica, e co informe favorable da comisión científica, a incorporación de novo persoal investigador.
- i) Aprobar, a proposta da dirección científica, e co informe da comisión científica, a desvinculación de investigadores/as.
- k) Aprobar as medidas propostas pola comisión científica e avaliar os seus resultados.
- l) Promover os vínculos do centro con outras institucións.
- m) Calquera outras necesarias para o cumprimento dos seus fins.

### *Subsección 2ª. Da comisión científica*

#### *Artigo 142 Composición*

1. A comisión científica será un órgano asesor integrado por investigadores de recoñecido prestixio científico internacional no ámbito de actuación do centro.
2. Os membros da comisión científica serán nomeados polo Reitor ou Reitora a proposta da comisión reitora.
3. A designación dos membros do comisión científica farase por un período de catro anos, renovables.

#### *Artigo 143 Funcións*

Serán funcións da comisión científica as seguintes:

- a) Asesorar á dirección científica do centro e á comisión reitora sobre a definición temática e orientación da investigación a desenvolver así como sobre calquera outro aspecto que se considere oportuno.
- b) Asistir á dirección e á comisión reitora sobre o seguimento da evolución da investigación e da transferencia dos resultados da investigación.
- c) Informar sobre o interese da vinculación de novo persoal investigador, e avaliar as solicitudes presentadas ás convocatorias de vinculación que se podan establecer.
- d) Avaliar periodicamente a actividade científica do centro e dos seus investigadores.

### *Sección 2ª. Do director ou directora*

#### *Artigo 144 Nomeamento*

O director ou directora científica será nomeado ou nomeada polo Reitor ou Reitora de entre doutores e doutoras coa condición de persoal docente e investigador ou persoal investigador vinculado ao centro, a proposta da comisión reitora e co informe favorable da comisión científica. O nomeamento será por períodos de seis anos.

#### *Artigo 145 Funcións*

Serán funcións do director ou directora científica as seguintes:

- a) Exercer a dirección, promovendo a súa proxección exterior.
- b) Asistir ás reunións da comisión reitora.
- c) Organizar e coordinar os medios materiais e persoais de que se dispoña para cubrir os obxectivos.
- d) A autorización e disposición de gastos e pagamentos dentro dos límites establecidos pola comisión reitora e polas normas da USC.
- e) Propoñer a contratación de persoal investigador, de apoio á investigación e administrativo.
- f) Propoñer a adquisición de infraestruturas.
- g) Elaborar a memoria científica anual e a planificación estratéxica do centro.
- h) Desenvolver mecanismos e procedementos que promovan a captación de recursos, o mantemento dun alto nivel científico, así como o establecemento de sinerxías e colaboracións entre grupos de investigación e con outros centros.
- i) Establecer o modelo de organización científica, seguindo as indicacións e o asesoramento da comisión científica e, de selo caso, designar entre o persoal investigador vinculado aos investigadores principais, xefes de grupo e/ou responsables de área.
- j) Trasladar ao persoal investigador as directrices oportunas co fin de que a actividade investigadora desenvolvida se adecúe ao plan estratéxico e aos seus obxectivos científicos, todo iso de acordo coa comisión reitora e co informe da comisión científica.
- k) Calquera outra función que lle fora expresamente encomendada ou delegada pola comisión reitora.

#### *Artigo 146 Director ou directora adxunta*

O Reitor ou Reitora poderá, no seu caso, nomear un director ou directora adxuntoa entre doutores e doutoras coa condición de persoal docente e investigador ou persoal investigador con vinculación permanente ao centro e a proposta da dirección científica do centro.

## CAPÍTULO VI

### **Dos órganos de goberno da Escola de Doutoramento**

#### *Sección 1ª. Do Consello de Dirección*

#### *Artigo 147 Natureza*

O Consello de Dirección da Escola de Doutoramento é o seu órgano colexiado de goberno.

#### *Artigo 148 Composición*

1. O Consello de Dirección da Escola de Doutoramento estará composto por:
  - a) O Director ou Directora da Escola de Doutoramento, que o convocará e presidirá.

b) O Secretario ou Secretaria da Escola de Doutoramento, que o será tamén do Consello de Dirección.

c) Os coordinadores e coordinadoras dos programas de doutoramento adscritos á Escola.

d) Unha representación do persoal docente e investigador vinculado aos programas de doutoramento adscritos á Escola, nos termos que determine o seu Regulamento de réxime interno.

e) Unha representación dos doutorandos e doutorandas matriculados nos programas de doutoramento adscritos á Escola, que suporá o 25% do total dos membros do consello de dirección.

f) Un representante do persoal técnico, de xestión e de administración e servizos.

#### *Artigo 149 Competencias*

Son competencias do Consello de Dirección:

a) A elección do Director ou Directora da Escola de Doutoramento e, de ser o caso, a súa remoción.

b) A elaboración e a aprobación do regulamento de réxime interno da escola, que será ratificado polo Consello de Goberno, así como do código de boas prácticas da mesma.

c) A supervisión da xestión dos restantes órganos de goberno e de administración da escola.

d) A aprobación dos proxectos dos programas de doutoramento adscritos á escola, consonte a lexislación vixente e as normas xerais emanadas do Claustro Universitario.

e) A aprobación das liñas xerais da política académica da escola.

f) A organización dos servizos docentes para a obtención dos títulos de doutoramento do seu ámbito, así como a coordinación e a supervisión da actividade docente e de dirección de teses de doutoramento do persoal docente e investigador vinculado á escola, e igualmente o control do seu cumprimento.

g) A programación dos servizos e equipamentos da escola e a supervisión da súa xestión.

h) A distribución das asignacións orzamentarias concedidas á escola e o control da súa aplicación.

i) A organización de actividades abertas de formación en investigación.

k) Promover a implantación, modificación ou extinción das ensinanzas de doutoramento e da súa organización académica.

l) Informar sobre as propostas de novos programas de doutoramento e a modificación ou extinción dos existentes.

m) Aprobar o sistema de garantía interno de calidade e o manual de procesos da Escola así como executar as competencias que lle asigna.

n) Determinar os procedementos para a presentación avaliación, defensa e cualificación das teses dos programas de doutoramento adscritos á escola.

ñ) Propoñer ou informar sobre a normativa reguladora dos estudos de doutoramento, previa a súa aprobación polo Consello de Goberno, a normativa de réxime interno e código de boas prácticas da escola de doutoramento así coma todas



as normas que regulen o funcionamento dos programas e estudos de doutoramento na universidade.

o) Velar polo cumprimento do código de boas prácticas da Escola de Doutoramento e mediar nos conflitos que se presenten no ámbito das súas competencias.

p) Aprobar a memoria anual da escola de doutoramento.

q) Designar aos membros elixibles das comisións da escola que sexan creadas.

r) Calquera outra competencia que lle atribúan estes Estatutos ou as súas normas de desenvolvemento.

## *Sección 2ª. Dos órganos de goberno unipersoais*

### *Subsección 1ª. Do Director ou Directora.*

#### *Artigo 150 Competencias*

1. O Director ou Directora representa á Escola de Doutoramento, exerce a súa dirección e a xestión ordinaria, preside e coordina a actuación do Consello de Dirección e executa os seus acordos.

2. Son competencias do Director ou Directora:

a) A representación da Escola de Doutoramento.

b) A presidencia das reunións do Consello de Dirección, así como a execución dos seus acordos.

c) A dirección da política académica da escola.

d) A proposta ao Reitor ou Reitora do nomeamento e cesamento do Secretario ou Secretaria da Escola.

e) A vixilancia do respecto dos dereitos e do cumprimento dos deberes de todos os membros da Escola e, en particular, do código de boas prácticas da mesma.

f) O control do cumprimento das obrigas docentes e discentes.

g) O control do axeitado mantemento do patrimonio da Escola.

h) A autorización dos gastos dentro do orzamento anual da Escola.

i) A coordinación dos axentes implicados nos estudos de doutoramento, coordinadores dos programas de doutoramento así como calquera outro órgano ou servizo con competencias en materia de estudos de doutoramento.

k) Elaborar a memoria anual da escola de doutoramento.

l) O exercicio das restantes funcións que se deriven do seu cargo, así como aquelas que lle sinalen estes estatutos ou a lexislación universitaria.

3. As competencias do Director ou Directora estenderanse a todos os asuntos concernentes ao goberno e á administración que non estean atribuídos a outros órganos.

#### *Artigo 151 Elección*

1. O Director ou Directora será elixido polo Consello de Dirección e nomeado polo Reitor ou Reitora de entre o persoal docente e investigador que teña a condición de persoal pertencente aos corpos docentes universitarios ou ao profesorado permanente laboral da Universidade que reúna a condición de investigador de recoñecido prestixio. Esta condición debe estar avalada pola xustificación da posesión

de, polo menos, tres sexenios de investigación ou, no caso de non resultarlle de aplicación o devandito criterio de avaliación, deberá acreditar méritos equiparables aos sinalados.

2. A duración do seu mandato será de seis anos non renovables.

#### *Artigo 152 Substitución*

En caso de vacante, ausencia ou enfermidade, o Director ou Directora da Escola de Doutoramento será substituído, por unha persoa titular das subdireccións da escola, designada previamente por aquela ou, no seu defecto, polo Reitor ou Reitora.

#### *Artigo 153 Cese*

O Director ou Directora da Escola de Doutoramento cesará no seu cargo ao final do seu mandato, por dimisión, por disolución do Consello de Dirección da Escola de Doutoramento e como consecuencia dunha moción de censura construtiva aprobada por maioría absoluta.

### *Subsección 2ª. Do Secretario ou Secretaria.*

#### *Artigo 154 Nomeamento*

1. O Secretario ou Secretaria da Escola de Doutoramento é quen da fe dos actos e acordos dos órganos de goberno, representación e administración do centro.

2. O Secretario ou Secretaria será nomeada polo Reitor ou Reitora, segundo a proposta do Director ou Directora, de entre profesorado ou persoal funcionario dos subgrupos A1 e A2 que presten servizos na escola.

#### *Artigo 155 Competencias*

1. Son competencias do Secretario ou Secretaria da Escola de Doutoramento:

- a) Convocar as sesións dos órganos colexiados da Escola de Doutoramento.
- b) O despacho dos asuntos coa persoa titular da dirección.
- c) A redacción, autorización e custodia das actas das sesións.

d) A expedición das certificacións de acordos e de todos os actos ou feitos que consten nos documentos oficiais da Escola de Doutoramento.

2. O Secretario ou Secretaria da Escola de Doutoramento exercerá aquelas outras funcións que lle encomenden o Director ou Directora, a lexislación vixente, estes Estatutos e as súas normas de desenvolvemento.

#### *Artigo 156 Cese*

O Secretario ou Secretaria cesará por decisión do Reitor ou Reitora, tras a proposta do Director ou Directora ou por petición propia.

## TÍTULO IV

### Da actividade universitaria

#### CAPÍTULO I

##### Da internacionalización da actividade universitaria

###### *Artigo 157 Internacionalización do ensino*

A Universidade de Santiago de Compostela aprobará plans de internacionalización das súas titulacións co fin de mellorar a calidade e alcance da docencia e formación, para o que tomará en consideración os obxectivos establecidos na estratexia de internacionalización do sistema universitario, de acordo coa lexislación vixente.

###### *Artigo 158 Internacionalización da investigación*

A Universidade de Santiago de Compostela aprobará plans de internacionalización da investigación, para o que tomará en consideración os obxectivos establecidos na estratexia de internacionalización do sistema universitario, de acordo coa lexislación vixente.

###### *Artigo 159 Internacionalización da transferencia de coñecemento*

A Universidade de Santiago de Compostela aprobará plans de internacionalización da transferencia do coñecemento, para o que tomará en consideración os obxectivos establecidos na estratexia de internacionalización do sistema universitario, de acordo coa lexislación vixente.

#### CAPÍTULO II

##### Do réxime dos estudos

###### *Artigo 160 Admisión e permanencia*

1. A admisión na Universidade de Santiago de Compostela estará aberta a todas aquelas persoas que poidan acreditar a súa aptitude para o ingreso, de acordo cos criterios establecidos pola propia Universidade no marco das disposicións legais vixentes.

2. O Consello de Goberno, de acordo ca lexislación vixente, establecerá os procedementos para a admisión dos estudantes. Estas competencias poderán ser delegadas, de forma total ou parcial, en órganos interuniversitarios.

3. O Consello de Goberno aprobará as normas que regulen o progreso e permanencia do estudantado na universidade, que serán sometidas a informe do Consello Social.

###### *Artigo 161 Límite de prazas das titulacións*

No marco do disposto pola lexislación vixente, correspóndelle ao Consello de Goberno da Universidade propoñerlle á Comunidade Autónoma de Galicia o límite de prazas das titulacións, logo da proposta dos centros respectivos.

#### *Artigo 162 Matrícula*

As modalidades de matrícula para os estudos que se desenvolvan acordaranse polo Consello de Goberno.

#### *Artigo 163 Ordenación do proceso ensinanza-aprendizaxe*

O Consello de Goberno elaborará unha normativa básica para a ordenación do proceso de ensino-aprendizaxe que permita, respectando as competencias dos centros e levar a cabo unha docencia coordinada.

#### *Artigo 164 Normativa de rendemento académico e revisión de cualificacións*

Correspóndelle ao Consello de Goberno establecer os procedementos de verificación dos coñecementos do estudantado, así como de revisión de cualificacións.

#### *Artigo 165 Normativa de adaptación e validacións de estudos*

O Consello de Goberno aprobará a normativa para a resolución das adaptacións e validacións de estudos cursados en centros españois ou estranxeiros, así como para o recoñecemento e transferencia de créditos, de acordo cos criterios xerais establecidos pola lexislación vixente.

### CAPÍTULO III

#### **Da organización da docencia**

#### *Artigo 166 Actividade docente*

1. A docencia e a formación na Universidade de Santiago de Compostela, exercida polo profesorado universitario, é unha función fundamental da universidade entendida como a transmisión ordenada do coñecemento científico, tecnolóxico, humanístico e artístico.

2. A docencia constitúe un dereito e un deber do persoal docente e investigador da Universidade de Santiago de Compostela, sen máis limitación que a prevista na lexislación vixente.

3. Garantirase a participación do estudantado na elaboración, seguimento e actualización dos plans de estudo.

4. No desenvolvemento das actividades docentes e formativas procurarase a innovación nos métodos de ensinanza-aprendizaxe. Co este fin ofertarase formación ao profesorado en estratexias de innovación docente específicas.

#### *Artigo 167 Organización da docencia*

1. A Universidade de Santiago de Compostela impartirá ensinanzas dirixidas á obtención de títulos de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional. No exercicio da súa autonomía, tamén poderá impartir ensinanzas conducentes á obtención de títulos propios, incluídos os de formación ao longo da vida, que serán expedidos polo Reitor ou Reitora.

2. O Consello de Goberno, seguindo as directrices emanadas do Claustro, establecerá as normas xerais que regulen a organización, a aprobación e a avaliación

destes estudos, o procedemento para a expedición dos certificados ou diplomas correspondentes, así como o réxime de vinculación do estudiantado coa Universidade.

4. O Consello de Goberno aprobará a normativa de organización docente das distintas titulacións.

5. A docencia na Universidade de Santiago de Compostela será preferentemente presencial, podendo impartirse tamén de xeito virtual ou híbrido, de acordo coa lexislación vixente.

#### *Artigo 168 Estudos propios*

1. A Universidade de Santiago de Compostela poderá impartir ensinanzas conducentes á obtención doutros títulos distintos aos títulos universitarios oficiais, definidos como títulos propios.

2. A Universidade de Santiago de Compostela garantirá a oferta de formación permanente conformada por ensinanzas cuxa finalidade é fortalecer a formación dos cidadáns ao longo da vida, actualizando e ampliando os seus coñecementos, capacidades e habilidades xerais, específicas ou multidisciplinares dos diversos campos do saber.

3. As ensinanzas conducentes á obtención de títulos propios poderán desenvolverse en modalidade docente presencial, híbrida ou virtual.

4. O Consello de Goberno aprobará as normas que regulen o desenvolvemento dos estudos propios.

#### *Artigo 169 Implantación e adscrición de titulacións*

1. A implantación ou supresión das titulacións de carácter oficial e validez en todo o Estado será aprobada de conformidade co disposto na normativa de aplicación ás universidades públicas por proposta do Consello de Goberno da Universidade.

2. Tanto o expediente de creación como o de supresión dunha titulación incluírá unha memoria cun contido análogo ao establecido na presente norma para a creación ou modificación de facultades e escolas.

3. A adscrición de titulacións aos centros correspóndelle ao Consello de Goberno, tras o informe dos centros implicados.

#### *Artigo 170 Organización de estudos*

1. As facultades e escolas organizarán os estudos que dan dereito á obtención dos títulos de grao e máster, sen prexuízo do establecido nos apartados seguintes deste mesmo

2. A Escola de Doutoramento organizará os estudos que dan dereito á obtención do título de doutor ou doutora.

3. As escolas de especialización profesional e as demais estruturas de docencia e investigación da Universidade de Santiago de Compostela poderán organizar os estudos dirixidos á obtención doutros títulos, certificados ou diplomas de especialización.

### *Artigo 171 Aprobación dos plans de estudo*

1. As facultades e escolas proporán os plans de estudos correspondentes aos seus respectivos ciclos e ámbitos de actuación, no marco das normas emanadas do Claustro Universitario.

2. O Consello de Goberno aprobará os plans de estudos, logo do informe da comisión correspondente do Claustro Universitario.

3. No caso dunha titulación nova, o Consello de Goberno, tendo en conta ás áreas implicadas implicados, nomeará unha comisión redactora do plan de estudos.

### *Artigo 172 Formación académica e deporte*

A Universidade de Santiago de Compostela promoverá a práctica deportiva e a actividade física de forma transversal e favorecerá a compatibilidade efectiva da práctica deportiva coa formación académica do estudiantado.

## CAPÍTULO IV

### **Da investigación**

#### *Artigo 173 Actividade investigadora*

1. A investigación constitúe unha función esencial da Universidade de Santiago de Compostela, como instrumento de xeración de novo coñecemento, fundamento da docencia, medio para o progreso da comunidade e soporte da transferencia social do coñecemento. Para tal efecto, a Universidade asume o desenvolvemento da investigación científica, técnica, humanística e artística, así como a formación de persoal investigador e a transferencia dos resultados da investigación, atendendo tanto á investigación básica, como á aplicada e ao desenvolvemento experimental e tecnolóxico. Recoñécese e garántese a liberdade de investigación no ámbito universitario.

2. A investigación é un dereito e un deber do persoal docente e investigador da Universidade, de acordo cos seus fins xerais, dentro dos límites establecidos polo ordenamento xurídico e da racionalidade no uso e aproveitamento dos recursos.

3. A Universidade promoverá a investigación de calidade, xeradora de novo coñecemento e capacidade de innovación.

#### *Artigo 174 Ciencia aberta e ciencia cidadá*

1. A Universidade de Santiago de Compostela promoverá e contribuirá activamente á ciencia aberta, de forma que se garanta a comunicación da investigación co fin de alcanzar os obxectivos de investigación e innovación responsables impulsados dende a comunidade científica, os obxectivos de libre circulación de coñecementos científicos e as tecnoloxías. Con este fin, porá a disposición do persoal docente e investigador as ferramentas necesarias.

2. A Universidade de Santiago de Compostela promoverá a Ciencia Cidadá como campo de xeración de coñecemento compartido entre a cidadanía e o sistema universitario de investigación e impulsará a colaboración cos actores sociais e coas Administracións públicas.

### *Artigo 175 Organización da investigación*

1. Sen prexuízo da investigación que poida realizarse de forma individual, ordinariamente desenvolverase en grupos de investigación recoñecidos pola Universidade, e centros de investigación, así como noutras estruturas que se constitúan con esta finalidade.

Os grupos de investigación son unidades organizadas arredor de liñas comúns de actividades científicas. Estarán formados por persoal docente e investigador, persoal investigador en formación e, de ser o caso, persoal técnico, e coordinados por un ou varios investigadores responsables. O Consello de Goberno aprobará as normas de organización e funcionamento dos mesmos.

2. A Universidade de Santiago de Compostela poderá promover estruturas propias ou mixtas, en colaboración con outros organismos públicos e privados, para o desenvolvemento de programas e accións de investigación, da canalización das iniciativas investigadoras do persoal docente e investigador, da transferencia dos resultados da investigación e da captación de recursos para o seu desenvolvemento, de acordo cos criterios que aprobe o Claustro.

3. A Universidade impulsará estruturas de investigación e intercambio de coñecemento e innovación que faciliten a interdisciplinariedade e multidisciplinariedade.

4. A Universidade poderá crear ou participar en parques científicos ou tecnolóxicos que reúnan centros de investigación universitarios, de empresas e doutras institucións.

5. A Universidade de Santiago de Compostela fomentará a formación de redes de investigación entre grupos, centros, institucións, entidades e empresas.

## CAPÍTULO V

### **Da transferencia**

#### *Artigo 176 Actividade de transferencia*

A Universidade de Santiago de Compostela promoverá as relacións entre a investigación universitaria, as necesidades sociais e culturais e a súa articulación co sistema produtivo, atendendo especialmente á estrutura social e económica de Galicia.

#### *Artigo 177 Actividade de divulgación*

1. A Universidade de Santiago de Compostela impulsará iniciativas para compartir, difundir e divulgar os resultados da investigación ao conxunto da sociedade a través de diversos canais, en particular, dos espazos de formación ao longo da vida.

2. Entre outras, impulsarase a realización de actividades destinadas a:

a) Proxectar as funcións e os servizos da Universidade ao entorno social.

b) Procurar a formación integral dos membros da comunidade universitaria mediante a programación e desenvolvemento de cursos, conferencias e todo tipo de actividades culturais, recreativas e deportivas, solidarias, de voluntariado e de



cooperación ao desenvolvemento que poidan contribuír á mellor realización de este obxectivo.

c) Potenciar os diversos grupos e asociacións universitarias que desenvolvan actividades estudantís, culturais e deportivas.

d) Atender especialmente á defensa, desenvolvemento e difusión da cultura galega, promovendo as actividades e servizos que contribúan a este fin e mantendo as relacións necesarias coas institucións que teñan o mesmo obxectivo.

#### *Artigo 178 Colaboración con outras entidades ou persoas físicas*

1. A Universidade, os grupos de investigación por ela recoñecidos, os centros de investigación, outras estruturas de investigación e o persoal docente e investigador, tanto a través dos anteriores como a través dos órganos, centros, fundacións e estruturas organizativas similares da universidade dedicados á canalización das iniciativas investigadoras do profesorado e a transferencia dos resultados de investigación, poderán celebrar contratos con persoas físicas, universidades ou entidades públicas e privadas para a realización de traballos por parte da Universidade de carácter científico, tecnolóxico, humanístico ou artístico, así como para o desenvolvemento de actividades específicas de formación, de conformidade co disposto na lexislación aplicable.

2. O Consello de Goberno establecerá a normativa específica que regule a realización destas actividades, así como daquelas outras actividades de investigación que gocen de financiamento externo de calquera tipo, sexa total ou parcial. Esta normativa establecerá, como mínimo:

a) O procedemento de autorización para a realización destas actividades.

b) Os requisitos e as garantías para que a súa realización non supoña prexuízos para a actividade docente e académica.

c) Os criterios para fixar o destino dos bens e recursos obtidos que lle correspondan á Universidade, en función do custe da actividade desenvolvida e do grao de participación na mesma da Universidade, dos seus grupos de investigación, centros universitarios de investigación e outras estruturas de investigación, así como dos propios investigadores.

d) O réxime de participación do persoal docente e investigador nos beneficios derivados da explotación comercial dos resultados dos traballos científicos, tecnolóxicos, humanísticos ou artísticos que se realicen.

#### *Artigo 179 Entidades ou empresas baseadas no coñecemento*

1. A Universidade, co fin de contribuír á vinculación da investigación universitaria co sistema produtivo, poderá crear empresas baseadas no coñecemento a partir da actividade universitaria, sempre que internalicen a totalidade dos seus custos.

2. Nelas poderá participar o persoal docente e investigador e o persoal técnico, de xestión e administración e servizos, conforme ao réxime establecido na lexislación vixente.

3. A creación deste tipo de empresas, así como a autorización da participación nas súas actividades do persoal docente e investigador e do persoal técnico, de xestión e administración e servizos, requirirá o acordo do Consello de Goberno. Para tal efecto, o Consello de Goberno establecerá a normativa específica que regule o desenvolvemento e xestión destas iniciativas, de acordo coas liñas xerais aprobadas polo Claustro Universitario.

## CAPÍTULO VI

### **Da prestación de servizos á comunidade universitaria**

#### *Artigo 180 Servizos universitarios*

1. A Universidade de Santiago de Compostela establecerá e manterá servizos básicos de apoio á docencia e á investigación e transferencia, e servizos de apoio e asistencia á comunidade universitaria.

2. En todo caso, prestará os seguintes servizos á comunidade universitaria:

a) Orientación psicopedagóxica, de prevención e fomento do benestar emocional.

b) Orientación profesional.

c) Vixilancia da saúde.

d) Biblioteca e arquivo.

e) Normalización lingüística.

f) Aloxamento.

g) Deporte.

3. A decisión sobre a prestación de novos servizos universitarios e sobre a súa modificación ou supresión, corresponde ao Consello de Goberno, a proposta do Reitor ou Reitora e previo informe da Xerencia sobre a súa sustentabilidade financeira e non duplicidade respecto dos servizos xa existentes.

#### *Artigo 181 Réxime xurídico*

1. Os servizos prestados á comunidade universitaria pola Universidade de Santiago de Compostela rexeranse por estes Estatutos e polo regulamento que, para cada un deles, aprrobe o Consello de Goberno.

2. Garantírase a participación dos membros da comunidade universitaria no procedemento de aprobación dos mencionados regulamentos.

3. Así mesmo, os regulamentos dos servizos prestados á comunidade universitaria establecerán as canles de participación dos usuarios no seu funcionamento ordinario.

4. Corresponde ao Consello de Goberno a aprobación do regulamento polo que se discipline o procedemento de creación, supresión e funcionamento dos servizos universitarios.

### *Artigo 182 Calidade*

Sen prexuízo das funcións que lle correspondan ao Consello Social relativas á avaliación do rendemento dos servizos, o Consello de Goberno, por proposta do Reitor ou Reitora, e para a mellora da calidade na prestación dos servizos, establecerá os criterios para a súa avaliación, con base na co-participación do persoal implicado na súa prestación e dos usuarios.

## CAPÍTULO VII

### **Da garantía da calidade**

#### *Sección 1ª. Dos sistemas de garantía da calidade*

##### *Artigo 183 Ámbitos*

1. A Universidade de Santiago de Compostela deberá avaliar permanentemente a calidade da docencia, o rendemento do estudantado, a actividade de investigación e de transferencia e intercambio do coñecemento, e a calidade dos servizos universitarios. Nos mecanismos de avaliación que se implemente deberá garantirse a participación efectiva do estudantado.

2. Os sistemas de garantía da calidade docente teñen como principal obxectivo asegurar o desenvolvemento de programas formativos que garantan a mellor e máis adecuada formación para os estudantes, que dean resposta ás demandas do mercado laboral, tecnolóxico e investigador, que garantan as condicións de desenvolvemento profesional axeitadas ao persoal docente, investigador e de servizos, e que renda contas do investimento e optimización dos recursos.

3. Pola súa parte, o sistema de garantía da calidade dos servizos universitarios ten como obxectivo prioritario a mellora continua das súas prestacións, e ten como referente á persoa usuaria, satisfacendo as súas expectativas, e formulando os seus compromisos con esta a través dunha carta de servizos.

##### *Artigo 184 Principios reitores.*

Os sistemas de garantía da calidade que se establezan rexeranse polos seguintes principios reitores:

1. Principio de responsabilidade. A Universidade de Santiago de Compostela responsabilizarase de proporcionar unha formación dirixida cara á excelencia da súa oferta académica, da súa actividade investigadora e de transferencia e dos seus servizos á comunidade universitaria e do seu desempeño administrativo para responder ás necesidades e expectativas dos usuarios e da sociedade en xeral.

2. Principio de integración, participación e igualdade. O deseño dos instrumentos terá en conta as necesidades dos membros da comunidade universitaria, garantindo o respecto aos principios de accesibilidade, participación e igualdade. Garántese a participación dos membros da comunidade universitaria nos procedementos de avaliación a través das vías que se determinen ao efecto.

3. Principio de orientación ao estudantado. A USC garantirá que toda a súa actividade formativa estea orientada ao estudantado, principal receptor desta.

4. Principio de excelencia. Toda acción estará orientada a acadar a excelencia que marcan os principais modelos de calidade universitaria.

5. Principio de transparencia. A USC baseará a súa xestión nos referidos ámbitos na transparencia nos seus resultados e na difusión destes aos seus grupos de interese.

#### *Artigo 185 Xestión dos sistemas de garantía da calidade*

A xestión dos sistemas de garantía da calidade levarase a cabo a través dunha unidade administrativa dotada de autonomía funcional e en dependencia directa do Reitor ou Reitora.

### *Sección 2ª. Da Inspección de Servizos*

#### *Artigo 186 Natureza*

1. A Inspección de Servizos é un órgano administrativo dotado de autonomía funcional e dependente orgánicamente do Consello de Goberno.

2. A Inspección de Servizos terá como función velar polo correcto funcionamento dos servizos que presta a Universidade de Santiago de Compostela de acordo coa normativa de aplicación, así como polo cumprimento dos deberes dos membros da comunidade universitaria.

3. Corresponderá á inspección de servizos a incoación e instrución dos expedientes disciplinarios que afecten aos membros da comunidade universitaria.

#### *Artigo 187 Principios de actuación*

A actuación da Inspección de Servizos rexerese polos principios de independencia e autonomía, de legalidade, de imparcialidade, de eficacia e de confidencialidade.

#### *Artigo 188 Plan de Inspección*

1. O Plan de Inspección Anual conterá as actividades de inspección previstas para o curso académico que corresponda. A inspección xeral de servizos poderá levar a cabo actuacións non previstas no plan, a petición dos órganos de goberno da universidade ou tras denuncia interposta polas canles establecidas ao efecto por membros da comunidade universitaria.

2. O Plan aprobarase polo Consello de Goberno a proposta do Director ou Directora da Inspección de Servizos antes do inicio de cada curso académico.

#### *Artigo 189 O Inspector ou Inspectora de Servizos*

1. O nomeamento do director ou directora da Inspección de Servizos realizarase entre o persoal técnico, de xestión e de administración e servizos da Universidade que cumpra os requisitos establecidos pola normativa aprobada ao efecto polo Consello de Goberno.

2. O cargo de director ou directora da Inspección de Servizos será incompatible coa pertenza aos órganos de goberno e representación da universidade.

## TÍTULO V

### Do réxime económico-financeiro

#### CAPÍTULO I

#### Do patrimonio

##### *Artigo 190 O patrimonio*

Constitúen o patrimonio da Universidade de Santiago de Compostela:

a) Os dereitos sobre os bens mobles e inmobles que lle pertencen por calquera título.

b) Os títulos, os valores, as propiedades incorporais, os dereitos derivados da execución de convenios de colaboración empresarial en actividades de interese xeral previstos na Lei 49/2002 e os restantes dereitos, accións, participacións e obrigacións que lle correspondan.

##### *Artigo 191 Titularidade dos bens*

1. A Universidade de Santiago de Compostela é titular:

a) Dos bens de dominio público que estean afectos ao cumprimento das súas funcións e asumirá a titularidade daqueles que no futuro sexan destinados ás mesmas finalidades polo Estado ou pola Comunidade Autónoma de Galicia. Exceptúanse, en todo caso, os bens que integren o Patrimonio Histórico Español, aos que lles será de aplicación a súa normativa específica.

b) Dos seus bens patrimoniais.

2. A desafectación dos bens de dominio público de titularidade da Universidade de Santiago de Compostela consonte a lexislación vixente, implicará a súa consideración como bens patrimoniais dela.

##### *Artigo 192 Administración, desafectación e disposición sobre os bens*

1. Correspóndelle ao Consello Social, tras a proposta do Consello de Goberno e no marco das normas xerais que rexan nesta materia, ditar as normas regulamentarias relativas á administración dos bens de titularidade da Universidade de Santiago de Compostela, tanto os de dominio público coma os patrimoniais, así como os procedementos para a súa adquisición e para a súa cesión.

2. Os acordos relativos á desafectación dos bens de dominio público e á disposición dos bens patrimoniais corresponderanlle ao Consello de Goberno e deberán ser aprobados polo Consello Social, de conformidade coas normas xerais que rexan nesta materia.

##### *Artigo 193 Exencións tributarias*

1. A Universidade de Santiago, como universidade pública, terá dereito aos beneficios fiscais previsto na normativa de entidades sen fin de lucro e de incentivos ao mecenado, e aos previstos noutras leis.

2. A Universidade de Santiago de Compostela, pola súa condición de ente vinculado á Comunidade Autónoma de Galicia, gozará das exencións, bonificacións e

reducións propias dos entes públicos de titularidade autonómica nos termos previstos na normativa vixente.

3. Os bens afectos ao cumprimento das súas funcións e os actos que se realicen para o desenvolvemento inmediato destas, así como os seus rendementos, gozarán das exencións e bonificacións tributarias previstos na normativa de aplicación.

## CAPÍTULO II

### **Da planificación estratéxica, da programación plurianual e dos plans plurianuais de financiación**

#### *Artigo 194 Planificación estratéxica*

1. As actuacións da Universidade enmarcaranse na planificación estratéxica definida polo Reitor ou Reitora e aprobada polo Consello de Goberno.

2. O período da planificación estratéxica coincidirá coa duración do mandato do Reitor ou Reitora.

3. A planificación estratéxica poderá ser actualizada anualmente.

#### *Artigo 195 Programación plurianual*

1. A Comunidade Autónoma, en coordinación e de acordo coas Universidades, aprobará programación plurianuais, que inclúan obxectivos a conseguir, os recursos financeiros previstos no artigo 56 da LOSU e os mecanismos de avaliación do grao de consecución de tales obxectivos.

2. As programacións terán unha duración de cinco anos, podendo ser actualizadas durante a súa vixencia pola Comunidade en coordinación e de acordo coas Universidades.

3. Rematado o prazo de vixencia da programación sen que foxe aprobada unha nova, entenderase prorrogada a anterior, cos axustes precisos para atender á nova realidade, ata a entrada en vigor da nova programación.

#### *Artigo 196 Plan plurianual de financiación*

1. Sobre a base do disposto nas programacións plurianuais, a Universidade elaborará un plan plurianual de financiación no que se recollerá unha estimación da totalidade dos recursos financeiros cos que contará a Universidade para o conxunto das súas actividades.

2. A duración deste plan plurianual coincidirá coa da programación plurianual e poderá ser actualizado anualmente.

3. A elaboración e proposta do plan plurianual de financiamento e das súas actualizacións corresponderá ao Consello de Goberno, que o someterá a aprobación do Consello Social, a quen lle corresponde tamén o seu seguimento.

## CAPÍTULO III

### **Do orzamento**

#### *Artigo 197 Orzamento*

1. A Universidade de Santiago de Compostela aprobará un orzamento anual que conterá unha estimación dos dereitos económicos para liquidar durante o exercicio e a autorización dos créditos necesarios para dar cumprimento ás obrigas.



2. O orzamento incluirá, ademais das previsións de ingresos e autorización de gastos da Universidade, as das entidades dela dependentes, de acordo co seu réxime orzamentario.

3. O orzamento será público, único e equilibrado. Tanto no orzamento como na súa liquidación farase referencia ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, encadrándose nun límite de gasto non financeiro aprobado para cada exercicio.

4. A Universidade de Santiago de Compostela dedicará unha porcentaxe do seu orzamento non inferior ao 5% a programas propios de investigación.

5. A estrutura do orzamento e o seu sistema contable axeitaranse ás normas que, con carácter xeral, estean establecidas para o sector público, e o que a Comunidade Autónoma poida establecer dentro deste marco.

#### *Artigo 198 Procedemento de aprobación dos orzamentos*

1. O Reitor ou Reitora presentará o proxecto de orzamento perante o Consello de Goberno, que decidirá sobre a súa proposición ao Consello Social para a súa aprobación.

2. No procedemento de elaboración do orzamento incluíranse informes de impacto por razón de xénero e de impacto medioambiental.

#### *Artigo 199 Prórroga dos orzamentos*

1. A falta de aprobación do orzamento anual da Universidade antes do un de xaneiro do ano correspondente suporá a prórroga automática do orzamento do ano anterior.

2. Por resolución da Xerencia determinarase o alcance da prórroga efectuando o axustes procedentes nas diferentes partidas.

#### *Artigo 200 Regulamento de xestión orzamentaria*

O Consello de Goberno, a través do regulamento de xestión orzamentaria regulará, entre outras, as seguintes cuestións:

1. A estrutura do orzamento da Universidade, atendendo os seguintes criterios:

- a) Separación entre operacións correntes, de capital e financeiras.
- b) O estado de ingresos atenderá as clasificacións orgánica e económica.
- c) O estado de gastos clasificarase de acordo con criterios orgánicos, económicos e funcionais.

2. O réxime das modificacións orzamentarias co seguinte reparto competencial:

- a) Correspóndelle ao Consello Social, por proposta do Consello de Goberno, a aprobación de:

i. Os créditos extraordinarios e suplementos de crédito.

ii. As ampliacións de crédito.

iii. As transferencias de crédito de operacións correntes a operacións de capital e de operacións de capital a correntes de programas de mantemento xerais e programas de investimentos.

b) As restantes modificacións serán de competencia do Reitor ou Reitora, que informará das mesmas ao Consello de Goberno e ao Consello Social.

2. A regulación da execución do orzamento a través das diferentes fases de execución de gasto e de pagamento e da competencia sobre os mesmos.

3. A estrutura das contas da Universidade.



4. O réxime de control interno, que deberá prever sistemas de auditoría interna.
5. O réxime de contabilidade analítica.

## CAPÍTULO IV

### Da xestión e do control

#### *Artigo 201 Control interno*

1. A Universidade de Santiago de Compostela asegurará o control interno dos seus ingresos e gastos e organizará as súas contas segundo os principios de contabilidade das Administracións Públicas, no marco que estableza a lexislación vixente.

2. Para o exercicio do control interno, que contará cun sistema de auditoría interna, crearase unha unidade administrativa dotada de autonomía suficiente que dependerá funcionalmente do Consello de Goberno.

#### *Artigo 202 Contas anuais*

1. As contas anuais comprenden:

a) As contas da Universidade, integradas polo balance, a conta de resultado económico patrimonial, o estado de cambios no patrimonio neto, o estado de fluxos de efectivo, o estado de liquidación do orzamento e a memoria. Incorporarase tamén un informe de contabilidade analítica.

b) As contas das entidades con participación maioritaria, unha vez formuladas e aprobadas polos seus correspondentes órganos.

2. Estes documentos forman unha unidade e debe redactarse con claridade e mostrar a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira, do resultado económico patrimonial e da execución do orzamento da Universidade de conformidade co Plan Xeral de Contabilidade Pública. A Universidade de Santiago de Compostela poderá, adicionalmente, presentar un informe sobre a xestión dos recursos económicos.

#### *Artigo 203 Rendición de contas*

1. As contas anuais serán presentadas polo Reitor ou Reitora ao Consello de Goberno para a súa información e mais para o exame da xestión económica realizada. Esta presentación farase no prazo de seis meses dende o peche do exercicio económico.

2. Unha vez que o Consello de Goberno acepte as contas, o Reitor ou Reitora someteraaas á aprobación do Consello Social.

3. A Universidade remitirá as contas anuais á Xunta de Galicia así como ao Consello de Contas, como entidade responsable do control externo.

#### *Artigo 204 Supervisión polo Consello Social*

O Consello Social exercerá con independencia as funcións que lle corresponden en relación coa supervisión das actividades de carácter económico da Universidade, utilizando técnicas de auditoría, e colaborará coa Xunta de Galicia no control dos gastos e ingresos, de acordo ca lexislación vixente.

### *Artigo 205 Contratación*

1. A contratación na Universidade de Santiago de Compostela efectuarase de acordo co oportuno regulamento aprobado polo Consello Social por proposta do Consello de Goberno, dentro do marco da lexislación xeral sobre a materia.

2. O Reitor ou Reitora posúe a condición de órgano de contratación da Universidade de Santiago de Compostela e asinará no seu nome os contratos.

3. A Mesa de Contratación é o órgano de asistencia ao órgano de contratación da Universidade e a súa conformación determinarase no regulamento de contratación.

4. As garantías que teñan que constituírse en metálico ou valores serán depositadas na Tesouraría da Universidade ou na Caixa Xeral de Depósitos ou órgano autonómico equivalente.

5. O Consello de Goberno e o Consello Social serán informados, a través da memoria económica anual, de toda a contratación xestionada no exercicio económico, calquera que fosen os procedementos e as formas de adxudicación empregados, sen prexuízo da facultade dos devanditos órganos de solicitar a información que estimen oportuna en calquera momento.

### *Artigo 206 Obrigas económicas das entidades instrumentais da Universidade*

As entidades en cuxo capital ou fondo patrimonial equivalente a Universidade teña unha participación maioritaria quedarán sometidas á obrigaçión de transparencia e de rendición de contas nos mesmos termos que lle son aplicables á Universidade.

## TÍTULO VI

### **Dos actos académicos, honras e distincións**

#### *Artigo 207 Organización de actos académicos*

A Universidade, así como os seus centros, institutos de investigación, escolas de doutoramento e outras estruturas de docencia ou investigación, poderán organizar actos académicos solemnes. Entre os que organice a Universidade estarán necesariamente o de apertura do curso e o de conmemoración da festividade de San Tomé de Aquino, patrón da Universidade, que serán presididos polo Reitor ou Reitora.

#### *Artigo 208 Categorías de honras e distincións*

1. Son honras e distincións da Universidade de Santiago de Compostela as seguintes:

- a) O grao de *doutor honoris causa*.
- b) A medalla e a insignia de ouro da Universidade.
- c) Aqueloutras que se establezan por acordo do Consello de Goberno.

2. A imposición de honras e distincións farase en acto público, presidido polo Reitor ou Reitora, do que quedará constancia nun rexistro que custodiará a Secretaría Xeral.

### *Artigo 209 Grao de Doutor Honoris Causa*

1. A Universidade de Santiago de Compostela poderá concederlles o grao de Doutor *Honoris Causa* a persoas físicas sobranceiras no eido da investigación ou da docencia, no cultivo das artes e das letras, ou ben daquelas actividades que teñan unha repercusión notoria e importante desde o punto de vista universitario no terreo científico, artístico, cultural, tecnolóxico, social ou político.

2. O Consello de Goberno aprobará un regulamento no que se establecerá o procedemento de concesión.

3. O nomeamento de *doutor honoris causa* debe expedilo o Reitor ou Reitora. Procederáse á correspondente investidura nun solemne acto académico axeitado ao tradicional uso universitario.

### *Artigo 210 Medalla e Insignia de Ouro*

1. A Medalla de Ouro da Universidade de Santiago de Compostela concederáselles a persoas ou entidades que sobresaian dun xeito extraordinario pola súa contribución ao sostemento ou ao cumprimento dos fins da institución.

2. A Insignia de Ouro da Universidade de Santiago de Compostela seralles concedida a aquelas persoas que sobresaian dun xeito especial nos servizos prestados á institución.

3. Un regulamento do Consello de Goberno establecerá o réxime para a concesión da Medalla e da Insignia de Ouro da Universidade, así como as súas características materiais, que concordarán cos símbolos tradicionais da Universidade.

## TÍTULO VII

### **Da reforma dos estatutos**

#### *Artigo 211 Reforma dos Estatutos*

1. A iniciativa para a reforma dos presentes Estatutos correspóndelle ao Consello de Goberno ou ao vinte por cento dos membros do Claustro.

2. As iniciativas de reforma tramitaranse consonte o procedemento establecido para este fin no regulamento de funcionamento do Claustro Universitario.

3. Cando se propuxese a revisión total dos Estatutos ou unha parcial que afecte aos títulos Preliminar, Primeiro, Segundo e Terceiro, a reforma dos Estatutos requirirá a aprobación pola maioría absoluta do número total de membros do Claustro.

Nos restantes supostos a reforma dos estatutos requirirá a maioría simple do número total de membros do Claustro presentes na sesión.

4. O novo texto será remitido á Xunta de Galicia para a súa ratificación. Se existisen reparos de legalidade, serán subsanados de acordo co establecido no procedemento previsto no apartado segundo e o texto corrixido remitirase novamente á Xunta de Galicia. O texto definitivamente aprobado entrará en vigor ao día seguinte á data da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.